



# **AUTOINFORME DE SEGUIMIENTO**

**Grao en Matemáticas**

**Curso Académico: Curso 2020-2021**

■ Datos da universidade e do título obxecto do seguimento

■ Cumprimento do proxecto establecido

- Dimensión 1. A xestión do título
  - Criterio 1. Organización e desenvolvemento
  - Criterio 2. Información e transparencia
  - Criterio 3. Sistema de garantía de calidade
- Dimensión 2. Recursos humanos
  - Criterio 4. Recursos Humanos
  - Criterio 5. Recursos materiais e servizos
- Dimensión 3. Resultados de aprendizaxe
  - Criterio 6. Resultados da aprendizaxe
  - Criterio 7. Indicadores de satisfacción e rendemento

■ Modificacións do plan de estudos

■ Listaxe de evidencias e indicadores

■ Plan de Melloras

- Abertas Curso 2020-2021
  - Criterio 1 - Organización e desenvolvemento
  - Criterio 4 - Recursos humanos
  - Criterio 5 - Recursos materiais
  - Criterio 6 - Resultados da aprendizaxe
  - Criterio 7 - Indicadores de satisfacción e rendemento
- Finalizadas Curso 2020-2021
  - Criterio 1 - Organización e desenvolvemento
  - Criterio 4 - Recursos humanos
  - Criterio 5 - Recursos materiais
  - Criterio 6 - Resultados da aprendizaxe
  - Criterio 7 - Indicadores de satisfacción e rendemento

<u>1. DATOS DO TÍTULO</u>	
Denominación do título	Grao en Matemáticas
Mencións/Especialidades	--
Universidade responsable administrativa	Universidade de Santiago de Compostela
En caso de títulos interuniversitarios, universidade/s participante/s	--
Centro responsable	Facultade de Matemáticas
Centro/s onde se imparte	Facultade de Matemáticas
Rama de coñecemento	Ciencias
Número de créditos	240 ECTS
Profesión regulada	Non
Modalidade de impartición	Presencial
Curso de implantación	2008/2009
Data acreditación ex ante (verificación)	08/05/2008
Data renovación acreditación	22/06/2021

## 2. CUMPRIMENTO DO PROXECTO ESTABLECIDO

### DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO

#### **CRITERIO 1. ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO:**

**Estándar: O programa formativo está actualizado e implantouse de acordo coas condicións establecidas na memoria verificada.**

Analizar e valorar se o desenvolvemento do plan de estudos realizou conforme a memoria verificada e non se produciron incidencias graves, o que permitiu unha correcta adquisición das competencias por parte dos estudantes.

**1.1.- O título mantén o interese académico e está actualizado segundo os requisitos da disciplina, avances tecnolóxicos e científicos, necesidades socioeconómicas e requisitos da profesión.**

Aspectos a valorar:

- O perfil formativo/egreso do título mantén a súa relevancia e está actualizado segundo os requisitos do seu ámbito académico, científico e profesional e, no seu caso, segundo as necesidades e requisitos da profesión regulada.

#### **Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

Os indicadores considerados no informe de indicadores [2500172\\_Informe\\_de\\_indicadores\\_2020\\_21.pdf](#) son:

- IN01G-Prazas ofertadas
- IN02G-Matricula
- IN03G-Matricula de acceso
- IN04G-Matricula de novo ingreso por preinscrición
- IN05G-Variación da matrícula de novo ingreso por preinscrición
- IN06G-Nota media de acceso por preinscrición
- IN07G-Porcentaxe de estudantes que acceden á titulación con puntuación igual ou superior a seis
- IN08G-Porcentaxe de estudantes estranxeiros sobre matriculados
- IN09G-Porcentaxe de estudantes nacionais de fóra de Galicia sobre matriculados
- IN10G-Relación de estudantes preinscritas/os en 1ª opción matriculados por 1ª vez sobre as prazas ofertadas
- IN12G-Taxa de ocupación
- IN17G-Porcentaxe de estudantes enviadas/os pola USC a programas de mobilidade sobre o total de matriculadas/os
- IN18G-Porcentaxe de estudantes recibidas/os pola USC de programas de mobilidade sobre o total de matriculadas/os
- IN22G-Porcentaxe de estudantes egresadas/os nun curso académico que ao longo dos seus estudos realizou as prácticas en empresas e institucións


O número de prazas de acceso na titulación de Graduada ou Graduado en Matemáticas (GM) estivo limitado a 120 desde o curso 2012-13 ata o curso 2014-15, tal e como se contemplaba na MVT, tendo en conta a demanda e os recursos, tanto humanos como materiais, do centro. No curso 2015-16, debido á implantación das dobres titulacións de Dobre Grao en Matemáticas e en Física (DG-MF) e de Dobre Grao en Enxeñaría Informática e en Matemáticas (DG-EIM), das 10 prazas de inicio de estudos propostas en cada unha delas, a metade retraeuse das prazas propostas en cada un dos Graos implicados, polo que o límite de prazas no Grao de Matemáticas quedou realmente en 110.

No curso 2020-21, o número de prazas ofertadas para o GM é de 110, e en cada un dos dobres graos mantense a oferta de 10 prazas. Durante os cursos 2019-20 e 2020-21 o Consello de Goberno da USC asumiu a proposta feita pola Facultade de Matemáticas de ofertar 110 no GM e 12 en cada dobre grao ante a alta demanda e empregabilidade e co fin de axilizar os procedementos de asignación. A Consellería con competencias en universidades aprobou o incremento no Grao en Matemáticas para o curso 2019-20 (que continúa no 2021-21) mais mantivo en 10 prazas os dobres graos.

A continuación, reflectimos a modo de táboa e graficamente os datos de prazas ofertadas.

Código	<b>IN01G</b>
Nome	<b>Prazas ofertadas</b>
Procedemento de Cálculo	Número de prazas ofertadas para cada curso académico. Achega información sobre a evolución da oferta de prazas asociada a ese título, para a reflexión sobre o proceso de captación de estudantes na USC.

	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21
<b>Total</b>	<b>110,00</b>	<b>104,00</b>	<b>100,00</b>	<b>100,00</b>	<b>110,00</b>	<b>110,00</b>



Para analizar a demanda, son salientables os documentos [2500172\\_INF.CIUG\\_2016-2017.pdf](#), [2500172\\_INF.CIUG\\_2017-2018.pdf](#), [2500172\\_Informe\\_CiUG.pdf](#) do ano 2015-16, [2500172\\_INF.CIUG\\_2018-2019.pdf](#), [2500172\\_INF.CIUG\\_2019-2020.pdf](#) e [2500172\\_INF.CIUG\\_2020-2021.pdf](#):

GM	Prazas ofertadas	Total Solicitudes	Solicitudes 1ª opción	Admisión	Matrícula	Matrícula % mulleres	% Matrícula 1ª opción	Nota corte xeral	Nota media	Nota admisión matrícula [12,13]	Nota admisión matrícula [13,14]	Procedencia cota xeral Galicia	Procedencia cota xeral Outras comunidades
2015-16	110	447	97	132	119	45%	60,50%	6,314	9,476	12	1	118	1
2016-17	104	525	139	123	107	36%	63,60%	8,718	10,778	17	8	100	3
2017-18	100	668	207	127	101	44%	72,30%	10,540	11,883	42	7	98	1
2018-19	100	637	213	128	101	44%	76,2%	11,210	12,222	43	15	98	2
2019-20	110	635	234	134	110	51%	83,6%	11,424	12,416	51	19	101	5
2020-21	110	808	281	164	110	46%	81,8%	12,090	12,828	67	37	99	5


O incremento da demanda do Grao en Matemáticas evidénciase polo diferencial positivo dos indicadores do total de solicitudes, solicitudes en primeira opción, porcentaxe de matrícula en primeira opción, nota corte xeral, nota media e notas de admisión en [12,13) e [13,14) presentes nos documentos e que se recollen na táboa. Esta tendencia repítese en todo o Estado e este é o motivo polo que os estudantes solicitan admisión en diferentes comunidades autónomas. Pode constatarase no dato de que, dos estudantes que formalizaron a matrícula da cota xeral na USC no curso 2020-21, 99 son de Galicia, e 5 son procedentes doutra comunidade. A presenza de mulleres no curso 2020-21 é inferior á do curso 2019-20 pero maior que nos cursos académicos anteriores.

O incremento das notas de acceso das/os estudantes reflíctese nos indicadores de rendemento e de éxito que serán posteriormente analizados. A demanda amosa a relevancia que están proxectando os estudos do Grao en Matemáticas.

Na seguinte táboa, amosamos o IN03G, no que se ilustra a composición da matrícula de acceso e tamén se pode ver que se mantén a demanda atendendo á continuación de estudos, aínda sendo un pouco inferior á do curso 2019-20. No curso obxecto deste informe, esta demanda correspóndese con traslado de expediente desde outras universidades.

Código	<b>IN03G</b>
Nome	<b>Matrícula de acceso</b>
Procedemento de Cálculo	Número de estudantes que se matriculan nun plan de estudos por primeira vez. Inclúe ao alumnado que traslada o seu expediente, que accede por validación parcial de estudos estranxeiros ou que se adapta desde plans en extinción.

	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21
Adaptación desde plans en extinción	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
Continuación de estudos (traslado)	2,00	3,00	4,00	6,00	13,00	8,00
Estranxeiros art. 38 da LOE 2/2006 (modificado pola LOMCE)	-	-	-	-	-	-
Formación Profesional	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	-
Maiores de 25 anos	0,00	1,00	0,00	1,00	0,00	0,00
Maiores de 40 anos	-	-	-	-	-	-
Maiores de 45 anos	-	-	-	-	-	-
Non aplica	-	-	-	-	-	-
PAAU	119,00	103,00	99,00	98,00	103,00	104,00
Sen asignar	-	-	-	-	-	-
Titulados	-	1,00	-	-	1,00	1,00
Validación parcial de estudos estranxeiros	-	-	-	-	-	-
<b>Total</b>	<b>121,00</b>	<b>109,00</b>	<b>103,00</b>	<b>105,00</b>	<b>117,00</b>	<b>113,00</b>



Aínda que o informe de seguimento é relativo ao Grao en Matemáticas, as simultaneidades de estudos implantadas no curso 2015-16, coñecidas como dobre Grao en Matemáticas e Física (DF-MF) e dobre Grao en Enxeñaría Informática e Matemáticas (DF-EIM), son cursadas por estudantes que coinciden nas aulas coas/os estudantes matriculados no Grao en Matemáticas e o impacto en proxección do Grao en Matemáticas está relacionado coa implantación das mencionadas simultaneidades. O tratamento de indicadores dos resultados das/os estudantes son procesados de xeito separado, pero entendemos que é importante mencionar un seguimento dos mesmos ao presentar esta memoria.

## Dobre Grao en Matemáticas e en Física (DG-MF)

A análise da demanda do DG-MF facémola atendendo aos datos facilitados nos documentos [7000609\\_Informe\\_CiUG.pdf](#) do 2015-16, [7000609\\_INF.CIUG\\_2016-2017.pdf](#), [7000609\\_INF.CIUG\\_2017-2018.pdf](#), [7000609\\_INF.CIUG\\_2018-2019.pdf](#), [7000609\\_INF.CIUG\\_2019-2020.pdf](#) e [7000609\\_INF.CIUG\\_2020-2021.pdf](#).

DG-MF	Prazas ofertadas	Total Solicitudes	Solicitudes 1ª opción	Admisión	Matriculación	Matriculación %mulleres	% Matriculación 1ª opción	Nota corte xeral	Nota media	Nota admisión matriculación [12,13]	Nota admisión matriculación [13,14]	Procedencia cota xeral Galicia	Procedencia cota xeral Outras comunidades
2015-16	10	173	73	12	11	18%	110,00%	13,084	13,404	0	11	11	0
2016-17	10	142	76	12	10	20%	80,00%	13,310	13,561	0	10	8	2
2017-18	10	165	86	15	9	33%	70,00%	13,356	13,570	0	9	7	2
2018-19	10	153	80	22	9	33%	100%	13,330	13,512	0	9	8	1
2019-20	10	165	82	27	11	27%	100%	13,270	13,470	0	11	11	0
2020-21	10	239	123	23	11	27%	100%	13,584	13,696	0	11	11	0
<b>Totais</b>	60				61								

As prazas cubríronse en todas as promocións cunha nota de corte superior a 13, cun apreciable incremento no último curso. Nos cursos 2017-18 e 2018-19, realizáronse as 10 matriculacións, pero finalmente quedou unha praza libre ao renunciar un estudante e optar a outra universidade. Aínda que se convocou por orde á lista de espera, unha vez comezado o curso, ninguén aceptou e terminou quedando a praza libre. Nos cursos 2019-20 e 2020-21, autorizouse a matriculación de 11 estudantes para evitar o acontecido nos cursos anteriores.

Os estudos simultáneos contemplan a opción de pasarse a un dos dous graos. Na seguinte táboa, facemos un seguimento das diferentes promocións do DG-MF nos distintos anos académicos. Consideramos importante continuar a facer o seguimento e compartilo cos centros responsables das outras titulacións.

A primeira promoción, quizais debido á novidade dos estudos, experimentou máis cambios de matriculación, como se reflicte na táboa seguinte. Finalmente quedou reducida a 6 estudantes, na terceira promoción o cambio redúcese a un ou dous estudantes. Por dispoñer dos datos no momento de realización do informe, presentamos o estado de todas as promocións.

DG-MF Seguimento no curso 2020-21	Continúa no curso 2020-21 DG-MF	Pásase ao GM USC no curso 2020-2021 ou anteriores	Pásase ao GF USC no curso 2020-2021 ou anteriores	Fóra do SUG no curso 2020-2021 ou anteriores	NS/NC	Graduados no curso 2019-20 ou anteriores	Graduados no curso 2020-2021 ou anteriores
Promoción 2015-16	1	4	0	1	0	5	5
Promoción 2016-17	10	0	0	0	0	0	9
Promoción 2017-18	8	0	0	0	1	0	0
Promoción 2018-19	9	0	0	0	0	0	0
Promoción 2019-20	10	1	0	1	0	0	0
Promoción 2020-21	11	0	0	0	0	0	0
<b>Total</b>	56	5	0	2	1	5	14

No curso 2019-20, finalizaran as/os 5 primeiros estudantes do DG-MF. No curso 2020-21, finalizaron 9 estudantes da promoción 2016-17 do DG-MF.

## Dobre Grao en Enxeñaría Informática e Matemáticas (DG-EIM)

A análise da demanda do DG-MF facémola atendendo aos datos facilitados nos documentos [7000608\\_Informe\\_CiUG.pdf](#) do 2015-16, [7000608\\_INF.CIUG\\_2016-2017.pdf](#), [7000608\\_INF.CIUG\\_2017-2018.pdf](#), [7000608\\_INF.CIUG\\_2018-2019.pdf](#), [7000608\\_INF.CIUG\\_2019-2020.pdf](#) e [7000608\\_INF.CIUG\\_2020-2021.pdf](#).

DG-EIM	Prazas ofertadas	Total Solicitudes	Solicitudes 1º opción	Admisión	Matricula	Matricula %mulleres	% Matricula 1ª opción	Nota corte xeral	Nota media	Nota admisión matrícula [12,13]	Nota admisión matrícula [13,14]	Procedencia cota xeral Galicia	Procedencia cota xeral Outras comunidades
2015-16	10	158	52	13	11	40%	100,00%	12,276	12,728	8	3	10	1
2016-17	10	142	76	12	10	20%	80,00%	13,310	13,561	1	9	10	0
2017-18	10	124	56	17	10	10%	90,00%	12,800	13,290	2	8	10	0
2018-19	10	155	53	16	10	30%	100%	12,918	13,508	1	9	10	0
2019-20	10	114	50	16	12	42%	83,3%	13,040	13,332	0	12	11	1
2020-21	10	179	67	26	12	42%	91,7%	13,310	13,475	0	12	11	1
<b>Total</b>	<b>60</b>				<b>65</b>								

Apréciase o incremento da nota de corte nos últimos cursos. Sempre se cubriron todas as prazas dispoñibles. No curso da súa implantación e nos dous últimos cursos foron autorizadas algunhas matrículas superando o número de prazas ofertadas.

Tamén se presenta o seguimento de todas as promocións do DG-EIM nos distintos anos académicos desde a súa implantación. No DG-EIM, é maior o número de estudantes que se pasan aos graos en Enxeñaría Informática e en Matemáticas e o reparto é máis equilibrado que no caso do DG-MF.

DG-EIM Seguimento no curso 2020-21	Continúa no curso 2020-21 DG-EIM	Pásase ao GM USC no curso 2020-21 ou anteriores	Pásase ao GEI USC no curso 2020-21 ou anteriores	Pásase ao GF USC no curso 2020-21 ou anteriores	Fóra do SUG no curso 2020-210 ou anteriores	NS/NC	Graduados no curso 2020-2021 ou anteriores
Promoción 2015-16	5	3 (*)	2	1	0	0	5
Promoción 2016-17	5	1	2	0	2	0	0
Promoción 2017-18	9	0	0	0	0	1	0
Promoción 2018-19	8	2	0	0	0	0	0
Promoción 2019-20	12	0	0	0	0	0	0
Promoción 2020-21	12	0	0	0	0	0	0
<b>Total</b>	<b>41</b>	<b>6</b>	<b>4</b>	<b>1</b>	<b>2</b>	<b>1</b>	<b>5</b>

(\*) Hai un estudante da primeira promoción que primeiro se pasa ao Grao en Matemáticas e logo tamén o deixa, o que significa que no curso 2019-20 non hai un total de 6 estudantes no Grao en Matemáticas que veñan deste dobre título, son 5.

No curso 2020-21, finalizaron as/os 5 primeiros estudantes do DG-EIM.

Evidénciase unha gran demanda dos dous dobres graos. Os números da demanda dependen tamén da implantación dos dobres graos noutras universidades do estado.

No *"Informe Final de Evaluación para la Renovación de la Acreditación"* (10/06/2021), destácase como un dos puntos fortes a alta motivación do alumnado que accede a este título maioritariamente en primeira opción e cunha elevada nota de acceso, facendo fincapé no incremento paulatino da nota de corte nos últimos anos.

Na MVT indicábase a realización dunha xornada de benvinda dirixida ao alumnado de primeiro curso. A formulación da mesma mudou desde a implantación do título ao non contar actualmente cunha representación do equipo reitoral, pero si se mantivo en todos os cursos académicos. Desde o curso 2017-18, realízase unha enquisa de satisfacción para valorar a actividade (AM-1 (Curso 2017-18), AM-2




(Curso 2018-19) e AM-1 (Curso 2019-20)). Definiuse como acción de mellora en varios cursos académicos e os resultados da mesma foron reportados á Comisión de Título do Grao en Matemáticas e á Xunta de Facultade, como consta nas actas correspondentes. No curso 2020-2021, a enquisa distribuíuse telematicamente, ao dividir en tres grupos aos estudantes de primeiro e tentar reducir o tempo de presenza no Centro por ser o primeiro día de actividade presencial e estar suxeito ás restricións sanitarias.

O desenvolvemento deste tipo de accións está tamén relacionado coa posta en marcha de medidas encamiñadas a optimizar o tránsito entre as expectativas e coñecementos do alumnado de novo ingreso no campo das Matemáticas e as metodoloxías e contidos que van atopar no Grao. Deste xeito, tamén para o curso 2021-22 incluímos a Acción de Mellora **AM-1 (Curso 2021-2022)** para coñecer o impacto de actividades como as Olimpíadas Matemáticas ou Estalmat-Galicia e a satisfacción das actividades organizadas ou xestionadas por membros do equipo docente da Facultade, dentro do Programa A Ponte entre a USC e o Ensino Medio ou outras actividades. Estas actividades inclúen a acción divulgativa desenvolvida en centros de ensino secundario, achegando a disciplina e as tarefas desenvolvidas no ámbito universitario aos/ás futuros estudantes.

### Prácticas curriculares externas

Na MVT do Grao en Matemáticas, as prácticas curriculares externas non figuran como obrigatorias e indícase que teñen un recoñecemento de 6 créditos optativos. Consideramos estratéxico apostar polas prácticas curriculares externas, pola importante empregabilidade das persoas egresadas en Matemáticas e a relación con todos os grupos de interese. Estas valoracións, xunto co feito de que nas outras titulacións implicadas nos dous dobres graos que analizamos no informe teñan o recoñecemento de materia optativa, levounos a definir unha acción de mellora **AM-2 (Curso 2019-20)** (xa finalizada), de xeito que no curso 2020-21 xa constituíen unha materia optativa (segundo o aprobado pola Xunta de Facultade o 30 de xaneiro de 2020 e polo Consello de Goberno da USC o 6 de marzo de 2020). O cambio incorporado incrementa o recoñecemento das prácticas curriculares externas e equipara o seu tratamento nos títulos cos que compartimos simultaneidade de estudos. A inclusión das prácticas externas como unha materia optativa de 6 créditos a partir do curso 2020-21 foi destacada no *"Informe Final de Evaluación para la Renovación de la Acreditación"* (10/06/2021) como un dos puntos fortes da titulación.

Na seguinte figura, representamos os datos das prácticas curriculares externas na liña do tempo dos seis últimos cursos:



En primeiro lugar, destacamos que no curso 2019-20 non se puideran levar a cabo as prácticas externas como consecuencia da situación sanitaria derivada da COVID-19. Afortunadamente, no curso 2020-21 xa se puido retomar a realización deste tipo de prácticas aínda que non podemos ofertar tantas prazas como en cursos anteriores, dado que nos atopamos con certas limitacións por parte das Empresas e Institucións que colaboran habitualmente co noso Programa de Prácticas por mor da COVID.

A continuación, analizamos algúns dos indicadores relativos ás prácticas curriculares externas.

Estabilización da porcentaxe de estudantes egresadas/os nun curso académico que ao longo dos seus estudos realizou as prácticas en empresas e institucións, IN22G:

	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21
<b>Total (%)</b>	18,52	34,38	34,55	34,62	33,75	8,18

Código	<b>IN19G</b>
Nome	<b>Satisfacción dos estudantes coas prácticas externas</b>
Procedemento de Cálculo	Valoración media da enquisa de satisfacción dos estudantes coas prácticas externas. Amosa información sobre a xestión das prácticas externas no título.

	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21
<b>Total</b>	-	-	<b>4,32</b>	<b>4,83</b>	-	<b>4</b>

No documento [2500172\\_INF.07\\_2020-2021.pdf](#) "Informe da enquisa de satisfacción dos/as titores/as externos/as cos programas de prácticas externas 2020-21", estes fan unha valoración media de 4,71 sobre 5 sobre a adecuación do desempeño xeral do/da estudante para a empresa/ institución, valorando coa mellor puntuación de 4,71, tanto a actitude proactiva e interese do/a estudante polo desempeño da empresa como o grao de acordo con que as prácticas supoñen un bo contacto dos/das estudantes co mundo laboral. En relación ao seu grao de satisfacción xeral coas tarefas desenvolvidas como titor/a profesional das prácticas externas, a valoración media é de 4,29. Nun 85,71% dos casos, os/as titores/as opinan que contratarían ao/á estudante e en todos os casos voltarían ofertar a praza de prácticas. A taxa de participación dos/as titores/as nas enquisas é de 58,33%.

Código	<b>IN20G</b>
Nome	<b>Satisfacción dos titores profesionais coas prácticas externas</b>
Procedemento de Cálculo	Valoración media da enquisa de satisfacción dos titores profesionais coas prácticas externas. Amosa información sobre a xestión das prácticas externas no título.

	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21
<b>Total</b>	-	<b>4,11</b>	<b>4,17</b>	<b>4,61</b>	-	<b>4,29</b>

No documento [2500172\\_INF.08\\_PLN.TCNT.PRC.RD1393\\_20072020\\_2021.pdf](#) "Informe da enquisa de satisfacción dos/as titores/as académicos/as cos programas de prácticas curriculares externas 2020-21", estes fan unha valoración media do seu grao de satisfacción xeral coas tarefas desenvolvidas como titor/a de 4,25 sobre 5. A valoración dos/as titores/as académicos/as de se as prácticas supoñen un bo contacto dos/das estudantes co mundo laboral sobe a 4,75 e a 5 a súa opinión sobre o desempeño xeral dos estudantes.

Código	<b>IN21G</b>
Nome	<b>Satisfacción dos titores académicos coas prácticas externas</b>
Procedemento de Cálculo	Valoración media da enquisa de satisfacción dos titores académicos coas prácticas externas. Amosa información sobre a xestión das prácticas externas no título.

	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21
<b>Total</b>	-	-	<b>4,25</b>	<b>3,88</b>	-	<b>4,25</b>

As valoracións de estudantes e profesionais descenderon no curso 2020-21, quizais polas restricións aínda existentes para a incorporación presencial a moitas empresas. Isto non impediu a realización das prácticas, pero pode que aínda non se dispoña neste curso das condicións óptimas para desenvolver as actividades de xeito pleno. Por outra banda, a satisfacción dos/as docentes equipárase á do curso 2017-18, anterior á pandemia.

Na liña de seguir mellorando a participación dos/as estudantes en prácticas curriculares externas, propónse para o curso 2021-22 a acción de mellora **AM-10 (Curso 2021-2022)**, destinada á renovación dos convenios con empresas que expiran ao longo do curso e á promoción de novos convenios de prácticas.

## Perfil de egreso

Os datos do indicador I14, que se amosan a continuación, hai que complementalos co número de estudantes que fan mestrados ao rematar, por iso é importante salientar unha taxa de afiliación do 47,8% aos dous anos, lembrando que dous dos mestrados que se imparten no centro son de 90 ECTS. Os datos dispoñibles do indicador I14 no SIU só fan referencia aos cursos indicados na seguinte táboa.

### I14. Resultados de inserción laboral

Nombre título	Graduado o Graduada en Matemáticas por la Universidad de Santiago de Compostela
---------------	---

Cohorte de egresados: 2013-2014
---------------------------------

Egresados curso 2013/2014	1 año(s) después de egresar (23 de marzo de 2015)				2 año(s) después de egresar (23 de marzo de 2016)			
	Tasa de afiliación	Porcentaje de autónomos	Porcentaje de indefinidos	Grupo de cotización: Titulados	Tasa de afiliación	Porcentaje de autónomos	Porcentaje de indefinidos	Grupo de cotización: Titulados
	15,2%	14,3%	60,0%	42,9%	47,8%	4,5%	29,4%	59,1%

Egresados curso 2013/2014	3 año(s) después de egresar (23 de marzo de 2017)				4 año(s) después de egresar (23 de marzo de 2018)			
	Tasa de afiliación	Porcentaje de autónomos	Porcentaje de indefinidos	Grupo de cotización: Titulados	Tasa de afiliación	Porcentaje de autónomos	Porcentaje de indefinidos	Grupo de cotización: Titulados
	73,9%	2,9%	25,8%	76,5%	87,0%	2,5%	25,0%	80,0%

Consultando o panel de indicadores do Grao de Matemáticas, [2500172\\_P.Ind\\_\\_2020\\_21.pdf](#), podemos atopar o indicador **IN52**, que proporciona a **taxa de transición de grao a máster na USC**.

	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21
Total (%)	37,45	39,53	28,24	24,98	38,29	44,40

No curso académico 2017-18, realizouse un estudo de egresadas/os de todos os títulos do centro e nomeadamente do Grao en Matemáticas. Financiada dentro das Accións lideradas polo Instituto de Matemáticas da USC, o IMAT, esta acción permitiu unha análise do perfil de egreso e da satisfacción contando cun alto grao de participación das/os egresadas/os, o que conformou a **AM-1 (Curso 2017-2018)**.

Como se indica no mesmo, a porcentaxe de mulleres na entrada no curso 2015-16 é do 45% e a porcentaxe de egresadas é do 54%, dato que case é coincidente coa Enquisa de inserción laboral de titulados universitarios de 2014 (INE), onde as mulleres tituladas en Matemáticas supúñan un 55% do total. A media de idade coa que o alumnado de Matemáticas obtén a titulación é de 23 anos, a idade máxima rexistrada é de 34 anos, e a idade mínima de 21 anos, xa que no curso 2016-17 un egresado obtivo a titulación en 3,5 anos.

A presentación pública dos resultados do estudo fíxose o 9 maio de 2018, coa participación de director do IMAT e o Secretario Xeral de Universidades da Xunta de Galicia:



A presentación cos datos máis destacados está dispoñible en:


[https://www.usc.es/export9/sites/webinstitucional/gl/institutos/matematicas/descargas/Presentacion\\_Enquisa\\_VF.pdf](https://www.usc.es/export9/sites/webinstitucional/gl/institutos/matematicas/descargas/Presentacion_Enquisa_VF.pdf)

Este informe e as accións comentadas evidencian que nos últimos cursos académicos se apostou, como se recomendaba xa no *“Informe Final de Evaluación para la Renovación de la Acreditación” (29/7/2014)* por dar maior difusión dos resultados do Grao en Matemáticas (satisfacción e inserción laboral). O documento correspondente esta dispoñible na web da Facultade.


Tamén no *“Informe Final de Evaluación para la Renovación de la Acreditación” (10/06/2021)* aparecen sinalados como algúns dos principais puntos fortes o éxito obtido respecto da captación de estudantes de novo ingreso tanto na súa vertente cuantitativa (ao non quedar prazas libres) como cualitativa (ao ser moi alta a nota media coa que se accede), así como a excelente inserción laboral dos egresados e a satisfacción dos empregadores e das empresas receptoras do alumnado en prácticas cos egresados e estudantes. Neste informe, valórase que o plan de estudos tense desenvolvido de acordo co indicado na memoria de verificación.

Na seguinte táboa, precísanse as egresadas e egresados para o Grao en Matemáticas nos seis últimos cursos. No curso 2019-20, 5 das/os egresadas/os corresponden á simultaneidade de estudos de Matemáticas e Física. No curso 2020-21, como xa foi comentado, 9 dos/as egresados/as corresponden á simultaneidade de estudos en Matemáticas e Física e 5 dos/as egresados/as corresponden á simultaneidade de estudos en Enxeñaría Informática e Matemáticas.

A taxa de graduación, que será analizada no apartado de resultados, é un dos indicadores sobre os que recomendaba reflexionar o *“Informe Final de Evaluación para la Renovación de la Acreditación” (29/7/2014)*. Afortunadamente esta taxa experimentou un repunte no curso 2019-20, acadando o 37,07%, superando nese momento o 33% estimado na MVT. No curso 2020-21 acadou a cifra de 57,28%, a máis alta desde a implantación do Grao en Matemáticas.



## % Egresadas e egresados do Grao en Matemáticas



Por outra banda, obsérvase o incremento da porcentaxe de alumnos graduados e a diminución da porcentaxe de alumnas graduadas nos últimos cursos. Malia todo, o valor promedio da porcentaxe de egresadas é do 50,59% e o de egresados é do 49,41% nos seis cursos.

No documento [2500172\\_INF.09\\_1ºS\\_2020-2021.pdf](#), amósase que a **satisfacción das persoas egresadas no primeiro semestre** rexistra unha taxa de participación de tan só o 11,61%, tratándose dun estudo global para toda a USC. É preciso facer constar que, neste documento, cando se menciona o curso 2020-21, os/as egresados/as enquisados/as son os/as do curso anterior, xa que o procedemento deseñado pola ACMP ten un desfase dun ano. O 4,55% dos/as enquisados/as correspóndense con egresados do Grao en Matemáticas. No documento [2500172\\_INF.09\\_2ºS\\_2020-2021.pdf](#), amósase que a **satisfacción das persoas egresadas no segundo semestre** rexistra unha taxa de participación de tan só o 10,3%. O 0,63% correspóndese co Dobre Grao en Matemáticas e en Física e o 3,76% co Grao en Matemáticas.

Nos casos nos que non se reporta o dato de diferentes indicadores é por non telo dispoñible no momento de realización do informe.

Por outra banda, no *“Informe Final de Evaluación para la Renovación de la Acreditación” (10/06/2021)*, indicouse que a taxa de abandono se mantiña en niveis altos a pesar de que o alumnado de novo ingreso ten unha motivación alta por estes estudos e, ademais, accede á Universidade cunha nota media de acceso moi elevada. Tamén se recomendaba articular, nas accións de mellora, mecanismos explícitos conducentes á definición dos contidos e metodoloxías das materias de primeiro curso que contribúan a adecuar a formación previa de Bacharelato no campo das Matemáticas ás impartidas no Grao, buscando desta maneira a redución da taxa de abandono. Isto enlaza co desenvolvemento das accións de mellora **AM-2 (Curso 2020-2021)**, relativa ás reflexións dos últimos informes, e **AM-8 (Curso 2020-2021)**, dedicada a implicar ao alumnado dos cursos superiores do Grao na orientación aos estudantes de primeiro curso, para que compartan a súa experiencia e que os guíen academicamente. Polo seu interese, mantemos tamén para o curso 2021-22 seguir traballando nas liñas mencionadas, a través das accións de mellora **AM-2 (Curso 2021-2022)** e **AM-8 (Curso 2021-2022)**.

En concreto, a acción de mellora **AM-2 (Curso 2021-2022)**, consistente en mellorar a coordinación dos contidos da titulación por áreas de coñecemento para equilibrar a carga de traballo asignada a cada curso, levará implícita, de xeito paralelo, a revisión do enfoque e metodoloxía seguidos especialmente no primeiro curso para tratar de facilitar o tránsito entre os estudos de educación secundaria e o Grao, minimizando as diferenzas entre as expectativas previas e as metodoloxías e contidos abordados no primeiro curso do título, o cal contribuiría así mesmo á diminución da taxa de abandono, coa finalidade de que esta se establezca en datos similares aos obtidos no curso 2019-2020. Malia todo, aínda sendo mellorables, as taxas de abandono teñen sido, nos diferentes cursos, similares ás rexistradas nas restantes universidades españolas, como se recolle no *“Libro Blanco de las Matemáticas”* (Fundación Ramón Areces, RSME, 2020), dispoñible en: <https://www.fundacionareces.es/recursos/doc/portal/2020/10/14/libro-blanco-de-las-matematicas.pdf>

A revisión do enfoque e contidos do primeiro curso atopará un contexto de desenvolvemento adecuado a través dunha posible modificación da memoria do Título de Grao en Matemáticas pola USC, a acometer a partir do curso 2021-2022. As reflexións que se deriven da execución da acción de mellora **AM-2 (Curso 2021-2022)** poderán traer consigo valorar a actualización do plan de estudos (materias, contidos), para adecuar os contidos de primeiro curso, mellorar a coordinación dos contidos impartidos e analizar a posible

actualización das materias optativas do Grao (como se indica na acción de mellora **AM-3 (Curso 2021-2022)**).

### 1.2.- O plan de estudos desenvolveuse seguindo a oferta de módulos e materias previstas na memoria verificada.

Aspectos a valorar:

- A oferta de módulos e materias correspóndese co establecido na memoria de verificación e, se é o caso, nas sucesivas modificacións.
- O Desenvolvemento das actividades académicas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación e cualificación, correspóndese co establecido na memoria de verificación e permite a consecución das competencias. O tamaño dos grupos é adecuado ás actividades formativas.
- No seu caso, o curso de adaptación cumpre a súa función en canto á adquisición de competencias e coñecementos, por parte dos estudantes que os cursen e adecúase ao establecido na memoria de verificación do título.
- Participación do alumnado en programas de mobilidade.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

#### Desenvolvemento do plan de estudos

Como se viu corroborado na renovación da acreditación do título e en informes previos de seguimento, dende a súa implantación tense posto especial atención a que o Grao en Matemáticas se desenvolva de acordo ao seu proxecto inicial recollido na MVT e que este proxecto inicial siga sendo adecuado. Con este obxectivo, revisanse anualmente en especial a estrutura das ensinanzas, a descrición detallada de módulos e materias, entre outros aspectos, para poder detectar, se as houbera, desviacións sobre o proxecto inicial.

As actas da Comisión de Título reflicten a aprobación das guías docentes e as análises sobre o número de estudantes por grupo para a proposta do PDA.

Como evidencias que xustifican as valoracións anteriores, compartimos os **resultados globais das enquisas de satisfacción das/os estudantes do Grao en Matemáticas**. Dado que as preguntas das enquisas teñen sufrido algunhas modificacións ao longo do tempo, só ofrecemos unha comparativa dos tres últimos cursos:

- No curso 2018-2019, o número total de estudantes matriculadas/os en estudos de Grao no Centro: 531. Nº total de enquisas cubertas en estudos de Grao no Centro: 2082. Porcentaxe de participación dos/as estudantes: 52,17%.
- No curso 2019-2020, o número total de estudantes matriculadas/os no plan de estudos: 553.
  - Nº total de enquisas cubertas en estudos de Grao no Centro no primeiro semestre: 1167. Porcentaxe de participación dos/as estudantes: 40,87%.
  - No segundo semestre, o efecto da COVID-19 levou a facer outro tipo de enquisas nas que se segregou a docencia presencial da telemática. Nº total de enquisas cubertas en plans de estudos impartidos no Centro: 1123. Porcentaxe de participación dos/as estudantes: 38,88%.
- No curso 2020-2021, a porcentaxe de participación das/os estudantes: 47,8%.

Comparamos nas seguintes táboas, en primeiro lugar, os resultados dos dous cursos comparables para o primeiro semestre e, en segundo lugar, as respostas relativas ao segundo semestre do curso 2019-20 e a ambos semestres do curso 2020-21 (pois mantéñense as preguntas realizadas):

Calidade da programación	2018-2019	2019-2020
O/A docente explica a programación da materia e os criterios de avaliación?	4,11	4,05
Cumpre co programa e o plan de traballo previsto?	4,29	4,29
Os/As alumnos/as sabemos de antemán cales van ser os criterios que utiliza o/a docente para a corrección de exames e/ou traballos?	3,74	3,76
Organiza ben as clases e explica con claridade facilitando a comprensión da materia?	3,77	3,73



<b>Metodoloxía docente e materiais didácticos</b>	<b>2018-2019</b>	<b>2019-2020</b>
O material de apoio (bibliografía, textos, exercicios, manuais de prácticas,...) resultame útil para a preparación da materia?	3,84	3,78
Os recursos didácticos empregados reforzan a comprensión da materia?	3,76	3,7
O/A docente propón actividades que favorecen a miña aprendizaxe autónoma?	3,75	3,71
Os contidos desenvólvense de acordo co cronograma temporal da materia?	4,19	4,2

<b>Calidade docente</b>	<b>2018-2019</b>	<b>2019-2020</b>
O/A docente motiva a participación crítica e activa do alumnado no desenvolvemento da clase?	3,66	3,67
Resolve as dúbidas que se lle formulan (clase, titorías, aula virtual, correo electrónico,...)?	4,23	4,17
Ten unha actitude receptiva que facilita a comunicación cos/coas estudantes?	4,07	4,04
Consegue facerme ver a relevancia desta materia e o seu interese para a miña formación?	3,69	3,59
A axuda recibida nas titorías foime de utilidade (contestar só se as empregaches)?	4,02	4,06

<b>Valoración xeral da docencia recibida</b>	<b>2018-2019</b>	<b>2019-2020</b>
O/A docente mellorou o meu nivel de partida en relación á materia?	3,86	3,84
O/A docente fai que a asistencia a clase sexa proveitosa para a comprensión dos contidos?	3,73	3,7
Globalmente estou satisfeito co/coa profesor/a da materia	3,83	3,79

	<b>2018-2019</b>	<b>2019-2020</b>
<b>Media global de todas as materias valoradas:</b>	4,05	4,06

**Resultados no segundo semestre do curso 2019-20 e en ambos semestres do curso 2020-21:**

<b>Bloque 1. Avaliación da docencia presencial</b>	<b>2019-2020</b>	<b>2020-2021</b>
O/A docente organiza ben as clases e explica con claridade facilitando a comprensión da materia?	3,95	3,90
Os recursos didácticos empregados reforzaron a comprensión da materia	3,92	3,89
Os contidos desenvólvense de acordo co cronograma temporal da materia inicialmente previsto antes da crise da Covid-19	4,29	4,30
O/A docente motivou a participación crítica e activa do alumnado no desenvolvemento da clase	3,83	3,83
O/A docente resolveu as dúbidas que se lle formularon (clase, titorías, aula virtual, correo electrónico,...)	4,31	4,29

<b>Bloque 2. Avaliación da docencia en remoto</b>	<b>2019-2020</b>	<b>2020-2021</b>
O/A docente resolveu as dúbidas relacionadas coa materia que se lle trasladaron (clase virtual, titorías, aula virtual, correo electrónico, etc.)	3,73	3,97

<b>Bloque 3. Avaliación global</b>	<b>2019-2020</b>	<b>2020-2021</b>
Os materiais subministrados (presentacións, artigos, etc.) fíronme de axuda na preparación da materia	3,97	3,91
A carga de traballo (tarefas, lecturas, etc.) foi adecuada aos contidos e créditos da materia	3,97	3,98
De xeito global, a comunicación co/a docente foi axeitada	4,03	4,10
O/A docente mellorou o meu nivel de partida en relación á materia	3,9	3,97
Globalmente estou satisfeito co/coa profesor/a da materia	3,9	3,93

	<b>2019-2020</b>	<b>2020-2021</b>
<b>Media global de todas as materias valoradas</b>	4,05	4,00

Os datos amosados, similares en ambos cursos, corresponden ao total do alumnado matriculado nos estudos de grao, polo que non segregamos aos das simultaneidade de estudos. En comparación co Grao en Matemáticas, os valores medios nos datos segregados son superiores en case todos os ítems na simultaneidade de Matemáticas e Física e lixeiramente inferiores para o Dobre Grao en Enxeñaría Informática e Matemáticas no curso 2020-21. Tampouco facemos unha representación por materias por non ter, nalgúns casos, significación estatística os resultados, o que tamén acontece se as valoramos de xeito diferencial en cada simultaneidade, polo reducido número de estudantes por materia e curso.

No *“Informe Final de Evaluación para la Renovación de la Acreditación” (10/06/2021)*, reflíctense como puntos fortes a satisfacción xeral coa titulación por parte de todos os grupos de interese, especialmente do alumnado, e a calidade docente e a excelencia investigadora do profesorado involucrado na docencia do título.

### Programas de Mobilidade

O centro conta cunha responsable académica de mobilidade (RAM) (unha das vicedecanas da Facultade) e unha responsable de intercambio SICUE (secretaria da Facultade). A satisfacción cos programas de mobilidade detállase no documento [2500172\\_INF04\\_2020-2021.pdf](#) “Informe da enquisa de satisfacción das/os estudantes saíntes cos programas de mobilidade (2020-21)”, que reflicte unha análise global para todos os títulos da USC con enquisas respostadas nun 11,89% dos casos (no particular curso 2019-20, só un/ha estudante respondera á enquisa para o Grao en Matemáticas). Nesta análise global, os estudantes do Grao en Matemáticas supoñen o 12,24%. A valoración global da experiencia vivida está no 4,51 no curso 2020-21 mais, como se mencionou, este dato só está dispoñible a nivel USC, e descoñecemos o dato específico para o Grao en Matemáticas.

Os datos sobre a porcentaxe de estudantes enviadas/os pola USC a programas de mobilidade sobre o total de matriculados, **IN17G**, non os temos dispoñible para o curso 2020-21. Pola contra, a porcentaxe de estudantes recibidas/os pola USC de programas de mobilidade, **IN18G**, sobre o total de persoas matriculadas, aumentou ao 0,77% no curso 2020-21, despois do retroceso experimentado no curso 2019-20 até o 0,59% (frente ao 1,45% acadado no curso 2018-19 antes da aparición da COVID-19).

	<b>2015-16</b>	<b>2016-17</b>	<b>2017-18</b>	<b>2018-19</b>	<b>2019-20</b>	<b>2020-21</b>
<b>Total (%) IN17G</b>	5,15	4,69	5,18	4,15	--	--

	<b>2015-16</b>	<b>2016-17</b>	<b>2017-18</b>	<b>2018-19</b>	<b>2019-20</b>	<b>2020-21</b>
<b>Total (%) IN18G</b>	0,86	1,49	0,43	1,45	0,59	0,77

O profesorado do Grao en Matemáticas participa sobre todo na mobilidade asociada á investigación, que non está asociada a un indicador explícito. Na mobilidade docente non hai constancia no último curso.

Grazas ao documento [5060\\_INF.03\\_2020-2021.pdf](#) “Procedencia-destino dos estudantes participantes en programas de mobilidade”, pode analizarse a mobilidade entrante e saínte do alumnado desde o curso 2015-16, singularizando a mobilidade nos dobres graos.



Mobilidade saínte	2015-16		2016-17		2017-18		2018-19		2019-20		2020-21	
Grao en Matemáticas	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%
Convenios outras Universidades	2	8,33	1	4,55								
Erasmus	14	58,33	11	50	21	21	15	65,22	21	75,00	11	73,33
SICUE	8	33,33	10	45,45	7	7	8	34,78	7	25,00	4	26,67
<b>Total Grao en Matemáticas</b>	<b>24</b>	<b>100</b>	<b>22</b>	<b>100</b>	<b>28</b>	<b>28</b>	<b>23</b>	<b>100</b>	<b>28</b>	<b>100</b>	<b>15</b>	<b>100</b>
Dobre Grao en Matemáticas e en Física	Nº	%	Nº	%	Nº	Nº	Nº	%	Nº	%	Nº	%
Convenios outras Universidades												
Erasmus					1	1	3	100	1	33,33		
SICUE					2	2			2	66,67	1	100
<b>Total Dobre Grao en Matemáticas e en Física</b>					<b>3</b>	<b>3</b>	<b>3</b>	<b>100</b>	<b>3</b>	<b>100</b>	<b>1</b>	<b>100</b>
Dobre Grao en Enxeñaría Informática e Matemáticas	Nº	%	Nº	%	Nº	Nº	Nº	%	Nº	%	Nº	%
Convenios outras Universidades												
Erasmus									4	100	1	100
SICUE												
<b>Total Dobre Grao en Matemáticas e en Física</b>									<b>4</b>	<b>100</b>	<b>1</b>	
<b>Total</b>	<b>24</b>	<b>100</b>	<b>22</b>	<b>100</b>	<b>31</b>	<b>31</b>	<b>26</b>	<b>100</b>	<b>35</b>	<b>100</b>	<b>17</b>	<b>100</b>

No “Informe Final de Evaluación para la Renovación de la Acreditación” (10/06/2021), recoméndanse potenciar e intensificar as medidas que permitan incrementar a participación das/os estudantes (entrantes e saíntes) nos programas de mobilidade, por considerala baixa. Sen embargo, globalmente, salvo situacións excepciónais, observamos que o número de estudantes saíntes no Grao en Matemáticas mantense ao longo dos anos. Este dato é notablemente distinto ao comparalo coa mobilidade entrante, sendo esta, dalgún xeito, máis dificultosa e as medidas de tipo informativo que se desenvolven cada ano van destinadas fundamentalmente a fomentar a mobilidade saínte. A través da acción de mellora **AM-11 (Curso 2021-2022)**, consistente en xestionar a renovación de todos os convenios Erasmus existentes e propiciar outros novos, preténdese favorecer o incremento da participación dos/as estudantes en programas de mobilidade.

Mobilidade Entrante	2015-16		2016-17		2017-18		2018-19		2019-20		2020-21	
Grao en Matemáticas	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%	N	%
Convenios Outras Universidades	1	25	2	28,57			6	85,71	1	33,33		
Erasmus	1	25	5	71,43	1	50	1	14,29				
SICUE	2	50			1	50	7	100	2	66,67	5	100
<b>Total Grao en Matemáticas</b>	<b>4</b>	<b>100</b>	<b>7</b>	<b>100</b>	<b>2</b>	<b>100</b>	<b>7</b>	<b>100</b>	<b>3</b>	<b>100</b>	<b>5</b>	<b>100</b>

No “Informe Final de Evaluación para la Renovación de la Acreditación” (10/06/2021), sinálase que a satisfacción do alumnado con programas de mobilidade non era moi alta (aproximadamente 3,3 puntos sobre 5). Como se observa nos datos da táboa, no curso 2020-21, recuperouse o dato sobre a satisfacción coa mobilidade das/os estudantes saíntes e obsérvase un aumento da satisfacción cos programas de mobilidade que esperamos se manteña ao longo dos próximos cursos.

Código	<b>IN15G</b>
Nome	<b>Satisfacción dos estudantes saíntes cos programas de mobilidade</b>
Procedemento de Cálculo	Valoración media da enquisa de satisfacción dos estudantes saíntes cos programas de mobilidade. Achega información sobre a xestión dos programas de mobilidade para ese título.

	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21
<b>Total</b>	<b>3,48</b>	<b>3,64</b>	<b>3,23</b>	<b>3,25</b>	-	<b>4,51</b>

**1.3.- O título conta con mecanismos de coordinación docente que permiten analizar se o desenvolvemento do plan de estudos posibilita a adquisición das competencias por parte dos estudantes e, no seu caso, se establecen as accións de mellora oportunas.**

Aspectos a valorar:

- A coordinación horizontal e vertical entre as diferentes materias do plan de estudos evita baleiros e duplicidades.
- No caso de que o título se imparta en varios centros da Universidade ou sexa interuniversitario, analizarase o funcionamento dos mecanismos de coordinación entre todos os centros/Universidades que imparten o plan de estudos.
- No caso de que existan prácticas externas, valorarase se os mecanismos de coordinación permiten aos estudantes alcanzar as competencias asociadas a estas prácticas.
- No caso de que o título se imparta en varias modalidades (presencial, a distancia, semipresencial) valorarase a coordinación docente entre as modalidades, co fin de que os estudantes podan alcanzar as mesmas competencias con independencia da modalidade cursada.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

**Coordinación por curso e do TFG**

Cada curso conta cun/ha docente que asume a **coordinación do curso** e a colaboración directa coa persoa que coordina o Grao en Matemáticas. Existe tamén a figura de **coordinador/a de TFG**, que actualmente desempeña unha das vicedecanas do Centro. Estes coordinadoras/es manteñen diferentes reunións ao longo do curso con todos/as os/as docentes das materias de cada curso. Algunhas das accións de mellora propostas nos diferentes informes de seguimento son froito das reflexións feitas en ditas reunións.

As/os coordinadoras/es son presentadas/os na **xornada de benvida** de cada curso académico ás e aos estudantes para que as/os coñezan e canalicen as posibles demandas ou aportacións para mellorar o funcionamento do curso.

Na Comisión de Título do Grao en Matemáticas, danse conta de todas as xuntanzas de coordinación e da benvida. No curso 2019-20, realizouse unha enquisa de satisfacción a todas/os as/os estudantes participantes na benvida á Facultade, que permite analizar se participaron en actividades organizadas ou xestionadas por membros do equipo docente da Facultade, esta actividade é considerada tamén como a acción de mellora **AM-1 (Curso 2019-2020)** eficaz e que se desenvolve na **AM-1 (Curso 2020-2021)** e **AM-1 (Curso 2021-2022)**.


A valoración media da xornada de benvida no curso 2019-2020 entre os/as 74 alumnas/os que respostaron a este ítem foi de 4,11. Tamén se desenvolve na benvida un seminario de USC virtual, a valoración media do mesmo entre os/as 72 estudantes que contestaron foi de 3,88. Compartimos as figuras extraídas da análise da enquisa nas que se amosa o contacto previo con algunhas actividades desenvolvidas dende a Facultade de Matemáticas e que a pegada da educación primaria volve a ser salientable para inculcar o gusto polas Matemáticas.

### 3. Participaches nalgunha ocasión nalgunha das seguintes actividades?

■ Si ■ Non



### 5. Curso durante o que se che inculcou o teu gusto polas matemáticas



Ao inicio do curso 2020-21, no cal as clases expositivas tiveron lugar de xeito telemático, realizouse unha enquisa ao profesorado para coñecer o método para impartir este tipo de clases (dende a aula con estudantes, dende a aula sen estudantes ou desde o despacho) e para coñecer aquelas materias nas que as clases expositivas ian ser gravadas.

As/Os coordinadoras/es de curso teñen contacto continuado coa coordinadora da titulación para dar conta do que acontece no curso. Para o curso 2020-21, as/os coordinadoras/es de curso emitiron un informe que figura recollido neste Informe de Seguimento e onde deixan constancia das reflexións realizadas conxuntamente coas/os docentes sobre a avaliación do curso 2020-21 e os datos correspondentes ás diferentes taxas. Ademais, os resultados das avaliacións e das taxas de éxito, rendimento, avaliación e abandono son compartidos cada curso co profesorado, as direccións dos Departamentos con docencia no Grao en Matemáticas e as/os representantes de estudantes en Xunta de Facultade para favorecer a análise compartida e a proposta de accións de mellora. No *"Informe Final de Evaluación para la Renovación de la Acreditación"* (10/06/2021), sinálase como punto forte o compromiso continuo do Centro coa consolidación e a mellora dos mecanismos de coordinación docente.

No *"Informe Final de Evaluación para la Renovación de la Acreditación"* (29/7/2014), incidíase no desaxuste de créditos nos dous semestres no terceiro curso do Grao e tamén se mencionaban os contidos e as dificultades dos mesmos. Esta valoración estivo presente nos informes de seguimento de diferentes cursos desde a inclusión da acción de mellora AM-10 (Curso 2018/2019), consistente en facer unha análise (*Analizar as opcións de cambio de cuatrimestre e/ou de curso das materias que se imparten actualmente no terceiro curso*). Máis tarde, no *Informe de Seguimento do curso 2018-2019*, engadiuse a acción de mellora AM-9 (Curso 2018/2019), que consistiu en engadir nas guías das materias para o curso 2019-20, en cada tema, unha estimación das horas dedicadas ás clases expositivas. Esta medida resultou efectiva á hora de axustar a carga de traballo das materias. Ademais, no *Informe de Seguimento do curso 2017-2018*, páxinas 48-50, déixase tamén constancia do reaxuste de horas expositivas, interactivas e de laboratorio en diferentes materias do plan de estudos mantendo a asignación de créditos aprobada pola Xunta de Facultade do 14/02/2019. Todas estas reflexións incidiron, como se anticipaba no citado informe, na mellora da taxa de éxito das materias de terceiro, salientando tamén o importante efecto da gran capacidade de traballo e a motivación dos estudantes nos últimos cursos froito do incremento de nota de corte.

A acción de mellora **AM-4 (Curso 2020-2021)**, que definía a necesidade de analizar as actividades de avaliación continua e os procedementos de avaliación, foi tratada nas xuntanzas convocadas dentro de cada curso. Esta acción concreouse na elaboración dunha enquisa específica para a cal, polo nivel de detalle das súas preguntas, estase a aplicar en ambos semestres do curso 2021-22, polo que se prorroga a acción mencionada. Consideramos necesario continuar coa análise iniciada e, froito das suxestións recibidas, nomeadamente de terceiro curso, redefínense os obxectivos nunha acción de mellora **AM-4 (Curso 2021-2022)**, cuxas metas son reflexionar sobre as actividades de avaliación continua realizadas en cada curso e semestre, estudando a súa eficacia, e o seu impacto sobre a carga de traballo das/os estudantes. Esta acción está destinada a todos os cursos do Grao e é especialmente relevante en terceiro curso, polo elevado número de materias no primeiro semestre.

En aras do procedemento de mellora continua e da necesidade de seguir afondando na coordinación, durante o curso 2020-21 realizouse unha revisión global dos contidos por áreas de coñecemento **AM-2 (Curso 2020-2021)** durante o procedemento de aprobación das guías das diferentes materias do título. Esta medida incide na liña establecida polo acordo da Comisión de Docencia e Asuntos Académicos do 16 de maio de 2018, dentro do punto "Aprobación dos programas das materias e da oferta de TFG para o curso 2018/19" que establecía pautas para celebración de probas intermedias e para a concreción do xeito máis explícito posible das probas de avaliación continua, directrices que se manteñen nos programas para o curso 2020-21. Ademais, neste curso, solicitouse ao profesorado ter en consideración as posibles deficiencias no desenvolvemento dos programas nos cursos precedentes con motivo dos posibles axustes nos contidos durante o confinamento e, no caso do primeiro curso, en relación a contidos relativos ao segundo curso de Bacharelato, coa finalidade de reducir a diferenza de coñecementos con respecto aos recomendados para iniciar as materias correspondentes.

No "*Informe Final de Evaluación para la Renovación de la Acreditación*" (10/06/2021), recoméndanse continuar coa execución da acción de mellora **AM-2 (Curso 2020-2021)** para mellorar a coordinación dos contidos da titulación por áreas de coñecemento e tratar de equilibrar a carga de traballo asignada a cada curso por área, para seguir avanzando nunha correcta coordinación vertical entre as materias do plan de estudos, de aí a inclusión de **AM-2 (Curso 2021-2022)**.

Adicionalmente, mantense a acción de mellora **AM-8 (Curso 2021-2022)**, consistente en implicar dun xeito máis claro ás/aos estudantes do Grao na orientación ao alumnado de primeiro curso, intensificando as labores xa realizadas polas/os estudantes titoras/es, ademais da coordinación de curso, para compartir a súa experiencia e servir como guía académica e orientación.

Seguindo co procedemento de reflexión, atendendo ao incremento de matrícula en cuarto curso ás demandas dos grupos de interese e na liña das suxestións do informe provisorio de renovación de acreditación, fora incluída a acción de mellora **AM-3 (Curso 2020-2021)**, relativa á análise das materias optativas do Grao en Matemáticas, e que podería implicar o deseño de novas materias optativas e a supresión doutras. No curso 2021-22, analizouse a oferta de materias optativas e traballouse por parte dos Departamentos nunha proposta que supoñía un aumento de 9 materias na oferta de optatividade e que foi aprobada pola Xunta de Facultade. Sen embargo, tendo en conta as limitacións existentes sobre o número máximo de créditos optativos totais que é posible ofertar no título, polo momento non se puido materializar o incremento da oferta malia o elevado número de estudantes matriculadas/os en cuarto curso, polo que se mantén a acción de mellora **AM-3 (Curso 2021-2022)**.

No documento [2500172\\_INF.14\\_2020-2021.pdf](#), o profesorado resposta á pregunta: "A coordinación entre as distintas materias e/ou niveis do título foi adecuada" cunha valoración de 4,09, acadando unha taxa de participación do 27,78%; mellorando lixeiramente a súa valoración e nivel de participación con respecto ao curso 2019-20.

Consideramos positivo o impacto das titorías en grupos reducidos, cuxo calendario é elaborado polas/os coordinadoras/es de curso.

A persoa responsable da **coordinación dos TFGs** mantén reunións informativas coas persoas propostas polos departamentos para formar parte dos tribunais e para definir criterios de coordinación nas avaliacións.

No curso 2017-18, como seguimento dos **TFG**, realizouse unha **enquisa de satisfacción** para estudantes que defenderon no curso 2016-17 o TFG, consultando tamén ás/aos titoras/es e aos membros dos Tribunais. Tendo en conta estes resultados, no curso académico 2018-19 propúxose unha nova acción de mellora **AM-7 (Curso 2017-2018)** para actualizar a Normativa dos TFG e incorporar a existencia dos dobres graos. O [novo regulamento](#) foi aprobado o 22 de maio de 2020 polo Consello de Goberno da USC no cal se recollen novidades importantes como o feito de que unha alumna ou un alumno pode actuar de promotor do TFG, para fornecer a iniciativa e autonomía das/os estudantes. Así mesmo, incorporouse a opción de que o TFG poida ser defendido, en sesión pública, ante a persoa que o titoriza e, no caso de seleccionar a/o estudante a defensa ante tribunal, o informe do titor pasa a ter un peso na media ponderada coa nota asignada polo tribunal.

Nomeadamente, para o curso 2020-21, na [guía desta materia](#) considerouse aplicar a función máximo entre a media ponderada e a nota asignada polo tribunal:

- A valoración total do tribunal (VTR) obterase ponderando a valoración da memoria nun 60% e a valoración da defensa nun 40%.
- O tribunal trasladará a valoración global do informe do/a titor/a, denotada por VTI.
- A cualificación final do TFG obterase de acordo coa fórmula  $\max\{VTR, 0.3 \cdot VTI + 0.7 \cdot VTR\}$ , con expresión dun decimal.

Para incrementar a visibilidade dos TFG, deseñouse a [AM-5 \(Curso 2020-2021\)](#), que tiña por obxecto a definición dun protocolo para incorporalos ao repositorio institucional MINERVA. Todos os TFG defendidos ao longo do curso 2020-21 que foron aprobados e autorizados están subidos ao repositorio MINERVA. No futuro, continuarase coa posta a disposición no repositorio dos TFG que se defendan, polo que se inclúe [AM-5 \(Curso 2021-2022\)](#).

Ademais, propónse a acción de mellora [AM-13 \(Curso 2021-2022\)](#), destinada a analizar a satisfacción co marco normativo proporcionado polo novo Regulamento de TFG, reflexionando sobre o impacto da súa aplicación.

### Coordinación nas simultaneidades de estudos

Desde a implantación das simultaneidades de estudos, a coordinación coa Facultade de Física e a Escola Técnica Superior de Enxeñaría é estratéxica para unha correcta organización dos horarios de clase e dos calendarios das probas finais. Asemade, ao ser iniciativas novas, foise aprendendo a mellorar e optimizar os procedementos, polo que os documentos que rexen os mencionados acordos de simultaneidade foron renovados nos últimos cursos:

- [Memoria de Dobre Grao en Matemáticas e Física](#)
- [Memoria de Dobre Grao en Enxeñaría Informática e Matemáticas](#)

### Coordinación da mobilidade

A **RAM** tamén se mantén en contacto con todos as/os docentes que levan os acordos de mobilidade e xestiona os encontros informativos coas/os estudantes para presentarles os programas de mobilidade. Ademais, a coordinadora do programa SICUE (a secretaria do Centro) atende persoalmente as consultas deste tipo de mobilidade. Por outra banda, na recepción de estudantes de primeiro curso, infórmase sobre os destinos nos que é posible completar a formación a través da mobilidade e a guía da Facultade, que recolle a mesma información, está dispoñible na web da Facultade para todas/os as/os estudantes ao comezo de curso. Hai 12 docentes coordinadores/as dos acordos ERASMUS dos 22 acordos establecidos polo Grao en Matemáticas. Nos próximos meses, a través da acción [AM-11 \(Curso 2021-2022\)](#), abordaremos a renovación de ditos convenios e tamén estamos a traballar en novas propostas para aumentar a oferta do Centro. Os acordos SICUE están actualizados, tanto para o Grao en Matemáticas como para o dobre grao en Enxeñaría Informática e Matemáticas e o dobre Grao en Matemáticas e Física. Toda a información sobre os programas de mobilidade pode consultarse nas seguintes ligazóns: <https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-matematicas/mobilidade> ou <https://nubeusc.sharepoint.com/sites/centro-matematicas/SitePages/Estudiantes-sa%C3%ADntes.aspx>. No caso dos dobres graos, os RAM dos dous centros están en coordinación.

### Coordinación das prácticas curriculares externas

A **coordinación das prácticas curriculares externas** estaba asignada a unha das persoas do equipo decanal ata o curso 2018-19. Desde o curso 2019-20 está nomeada unha coordinadora das prácticas externas, que a partires de marzo de 2020 pasou a ser tamén vicedecana do Centro. Segundo o documento [2500172\\_INF07\\_2020-2021.pdf](#), a valoración dada polas/os titoras/es externas/os en temas de coordinación no curso 2020-21 é de 4,13 sobre 5, mantendo a tendencia maior que 4 puntos iniciada no curso 2018-19 (nótese que no curso 2019-20 non se puido levar a cabo a realización das prácticas externas por mor da COVID). Ademais, no curso 2020-21, celebrouse na Facultade o "I Encontro de Orientación Laboral", que ten por obxectivo fortalecer a relación entre o Centro e diversas empresas e Institucións que colaboran co noso Programa de Prácticas Externas e achegar o mundo laboral ao alumnado. Nesta mesma liña, propónse unha acción de mellora [AM-12 \(Curso 2021-2022\)](#), consistente en organizar e levar a cabo un Encontro de Orientación Laboral coa finalidade promover os mestrados e programas de doutoramento nos que participan os membros da Facultade e

proporcionar orientación sobre actividade laboral en empresas e institucións.

#### 1.4. Os criterios de admisión aplicados permiten que os estudantes admitidos teñan o perfil de ingreso adecuado para iniciar estes estudos.

Aspectos a valorar:

- Coherencia entre o perfil de ingreso establecido na memoria verificada e o perfil real do estudantado matriculado no título.
- No seu caso, os complementos de formación compren a súa función en canto á nivelación e adquisición de competencias e coñecementos por parte dos estudantes que os cursen.

#### Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Os criterios de admisión son os establecidos polas autoridades competentes e valorados positivamente no “Informe Final de Evaluación para la Renovación de la Acreditación”, pois permiten que as/os estudantes admitidas/os teñan o perfil de ingreso axeitado.

Xa foi analizado no apartado 1.1 o perfil de ingreso, salientando o incremento das notas medias, tanto no Grao en Matemáticas como nos dobres graos. Os incrementos teñen sido importantes nos últimos anos e a análise que se fai nos seguintes apartados dos indicadores de éxito e rendemento indican que estes criterios conducen a un perfil de ingreso axeitado.

No documento [2500172\\_P.Ind\\_\\_2020\\_21.pdf](#), preséntase tamén unha análise do perfil de entrada.

#### 1.5.- A aplicación das diferentes normativas contribúe á eficiencia nos resultados do título.

Aspectos a valorar:

- A aplicación das distintas normativas (normativa de permanencia, os sistemas de transferencia e recoñecemento de créditos, así como outras relacionadas coa avaliación, traballos fin de grao/máster, prácticas externas, ...) desenvólvense segundo o establecido nelas, tendo en conta as competencias previamente adquiridas polo estudante e as competencias a adquirir no título. Impacto delas nos resultados.

#### Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O alumnado é informado a principio de curso, na xornada de benvida, das distintas normativas. Consideramos que o impacto é o esperado nas mesmas.

As que teñen unha aplicación máis directa son as de recoñecementos de créditos, polo número de estudantes que cambian ao Grao en Matemáticas desde outros graos das grandes áreas de ciencia e enxeñaría. A Comisión de Título do Grao en Matemáticas reflexiona sobre os recoñecementos e, en caso de ser posibles diferentes opcións, a coordinadora do Grao en Matemáticas é a que contacta coas/os estudantes para que elixan entre a opción óptima e máis consistente academicamente, como se reflicte nas actas da Comisión de Título. Nas actas das mencionadas comisións, dáse conta de todos os recoñecementos.

A Normativa de TFG e a súa actualización foi mencionada no apartado anterior, así como as memorias de dobres títulos.

No “Informe Final de Evaluación para la Renovación de la Acreditación”, indícase que a aplicación das diferentes normativas contribúe á eficiencia nos resultados do título.

### DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO

#### CRITERIO 2. INFORMACIÓN E TRANSPARENCIA:

**Estándar: A institución dispón de mecanismos para comunicar de maneira adecuada a todos os grupos de interese as características do programa e dos procesos que garanten a súa calidade.**

Analizar e valorar se a información relevante sobre o título é pública e está dispoñible, en tempo e forma, para todos os axentes implicados nel (estudantes, empregadores, administracións educativas e outros grupos de interese).

**2.1.- A institución pública, para todos os grupos de interese, información obxectiva, suficiente e actualizada sobre as características do título e sobre os procesos que garanten a súa calidade.**



Aspectos a valorar:

- Publícase información suficiente e relevante sobre as características do programa formativo, o seu desenvolvemento e os resultados alcanzados.
- A información sobre o título é obxectiva, está actualizada e é coherente co contido da memoria verificada do título e as súas posteriores modificacións.
- Garántese un fácil acceso á información relevante do título a todos os grupos de interese.

#### Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Ademais da información proporcionada pola páxina web da USC, a páxina [web](#) da Facultade presenta información completa e detallada, dirixida tanto ao alumnado como a outros colectivos. Esta amosa os contidos propios da titulación (obxectivos, plan de estudos, estrutura, horarios, etc.), e presenta información actualizada sobre cursos, bolsas, saídas profesionais, ofertas de emprego, etc.

Desde o centro preténdese que a web sexa a principal canle de comunicación con todos os colectivos de interese. Por tanto, tómanse en conta os comentarios que as persoas implicadas poidan facer en relación á accesibilidade e utilidade de contidos, tratando de identificar que aspectos resultan máis interesantes para cada colectivo co obxectivo de deseñar e manter páxinas para perfís específicos.

No *“Informe Final de Evaluación para la Renovación de la Acreditación” (10/06/2021)*, valórase a información pública da páxina web do Centro respecto ao título como completa, obxectiva e actualizada, aínda que mellorable en relación á descrición dos resultados que produce o funcionamento do Sistema de Garantía de Calidade e da explicación dos significados das taxas de avaliación, eficiencia, rendemento dos titulados, éxito, graduación e da escala de medida dos índices de satisfacción. A recomendación é describir estes resultados e clarificar o significado dos índices ou indicadores de calidade na información pública incluída na páxina web do título, así como explicar, completar e revisar a información proporcionada no apartado Calidade/Documentación do SGC.

Ata o curso 2020-21, a páxina web do título dispoñible no portal da USC non podía ser actualizada de modo directo desde o Centro, polo que toda a información relevante sobre o título facilitábase a través da páxina propia da Facultade, mantida de xeito continuado pola secretaria do centro, sendo a páxina de referencia para todo o alumnado, futuras/os estudantes ou egresadas/os. A finais do curso 2020-21, a páxina web da USC experimentou unha profunda renovación, de xeito que a páxina propia do centro mudou por parte da USC ao enlace <https://www.usc.gal/es/centro/facultad-matematicas> e unificouse o seu estilo co da páxina web do título. A nova estruturación foi encamiñada a mellorar a comunicación interna coa comunidade e os procesos de xestión propios dos Centros e, ademais, dispón dunha intranet para publicar información dirixida fundamentalmente aos membros da comunidade universitaria. A secretaria da Facultade acometeu as actualizacións da nova páxina para ofrecer información completa a todas/os as/os usuarias/os e, na nova configuración da web, os enlaces entre a información mantida pola USC e a actualizada polo Centro son máis dinámicos, evitando duplicidades innecesarias. A nova páxina web do título inclúe un epígrafe denominado “Indicadores de Calidade”, que recolle información relativa a Ingreso, Mobilidade, Prácticas, Recursos Humanos e Resultados. Neste último ítem, inclúense, para os cursos dos que se dispoñen e ata o curso 2018-2019, os indicadores relativos a taxas de abandono, avaliación, duración media dos estudos, eficiencia dos titulados, estudantes por grupo, éxito, graduación, rendemento e satisfacción con respecto a diferentes aspectos da titulación (docencia, programas de mobilidade, prácticas externas, titulación, servizos...). Contamos tamén co epígrafe “Arquivo”, no que se facilitan a guía máis recente da Facultade, o Regulamento de Réxime Interno do Centro, o Regulamento do Traballo Fin de Grao do Grao en Matemáticas, as memorias dos programas integrais de dobre titulación nos que a Facultade participa, e outros documentos que fan referencia ao Plan de Autoprotección ou ao emprego de espazos de traballo de uso compartido. A información proporcionada no apartado “Calidade”, que inclúe os epígrafes “Política de calidade”, “Órganos do SGC”, “Indicadores”, “Enquisas de satisfacción” e “Documentación do SGC”.

En relación coa opinión das/os estudantes, no “Informe de satisfacción do alumnado coa titulación (2020-21)” [2500172\\_INF.22\\_2020-2021.pdf](#), que ten unha taxa de resposta do 7,33%, a valoración da información sobre a titulación é do 3,48 sobre 5, apreciándose un incremento na valoración.



No “Informe de satisfacción xeral das/os egresadas/os de titulacións de Grao que egresaron no 1º semestre do curso 2019-2020 (2020-21)” [2500172\\_INF.09\\_1ºS\\_2020-2021.pdf](#), elaborado pola Área de Calidade e Mellora dos Procedementos da USC, valoraron, cun 3,36 sobre 5 a satisfacción xeral coa titulación, cun 3,61 a formación teórica recibida e cun 3,41 a utilidade da titulación para o mercado laboral. No caso do segundo semestre ([2500172\\_INF.09\\_2ºS\\_2020-2021.pdf](#)), as valoracións

foron 3,42, 3,85, e 3,36, respectivamente. Porén, estes estudos son globais para toda a USC, correspondendo ao Grao en Matemáticas nun 4,55% e 3,76%, respectivamente en cada semestre e ao Dobre Grao en Matemáticas e Física un 0,63% no segundo semestre.

O indicador **IN23G** deixou de considerarse no cuestionario de egresadas/os no curso 2019-20, de xeito que os últimos datos dispoñibles son os seguintes:

Código	<b>IN23G</b>
Nome	<b>Satisfacción dos egresados coa información pública dispoñible</b>
Procedemento de Cálculo	Valoración media da enquisa de satisfacción das/os egresadas/os coa información pública dispoñible. Permite coñecer a opinión dese grupo de interese sobre a información pública do título.

	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21
<b>Total</b>	<b>3,24</b>	<b>3,29</b>	<b>3,65</b>	<b>3,30</b>	-	-

Cada curso académico, a Facultade de Matemáticas pon á disposición de todas/os as/os estudantes e do equipo docente unha guía con toda a información do centro e do curso correspondente. O enlace da guía do curso 2020-21 é o seguinte (dispoñible na intranet)  [Guía Matemáticas 2020 2021.pdf](#). A nova estruturación que se está a poñer en marcha da intranet podería modificar este enlace a  [Guía Matemáticas 2020 2021.pdf](#).

Esta guía viña sendo financiada en gran medida co mecenado dos grupos de interese da Facultade como son: AGAPEMA, BIOSTATECH, ENCIGA, ITMATI, MICROMEDIA SL, RSME e SGAPEIO, mais na actualidade só está dispoñible dende a [web da Facultade](#).

Valoramos moi positivamente o impacto que a Facultade e as persoas que a conforman teñen nos medios de comunicación. Recollemos nun dossier de prensa todas as novas acontecidas cada curso desde o 2016/2017. Todos están publicados na web da Facultade no apartado de [Arquivo](#):

- [Dossier de prensa. Curso 2020/21](#)


Para a Facultade, é estratéxica a relación cos centros de Ensino Medio, tanto na [Olimpiada Matemática](#) como no [Programa Estalmat-Galicia](#), liderados sempre por docentes da Facultade de Matemáticas e con implicación de todas as xeracións de egresadas/os do centro.

No curso 2018-19, comezaron a difundirse todas as charlas impartidas na Facultade para os centros de Ensino medio nun documento titulado “*Encontros A Medida*” do *Ensino Medio na Facultade de Matemáticas*. Cada curso, envíase o documento impreso a todas as persoas que participaron como relatores das charlas.

Os días 4, 5 e 6 de febreiro de 2020 tiveron lugar na Facultade sesións presenciais de Encontros na USC (para o alumnado que iniciase estudos no curso 2020-21). Asistiron un total de 501 estudantes, que foron recibidas/os pola decana e a secretaria do centro e acompañados polas/os alumnas/os titoras/es. Os encontros realizados do 19 ao 28 de febreiro de 2021 foron virtuais, asistindo 71 estudantes.

Presentamos as portadas dos dous documentos elaborados no curso 2020-21 e a información sobre os encontros realizados de xeito presencial en 2020. Estes documentos permiten compartir información e relacións da Facultade con todos os grupos de interese:





Desde o curso 2020-21, hai unha lista de distribución de correos entre o decanato e todo o alumnado que cursa títulos dos que a Facultade é responsable, o que axiliza máis a comunicación.

## DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO

### CRITERIO 3. SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDADE:

**Estándar:** A institución dispón dun sistema interno de garantía da calidade formalmente establecido e implementado que asegura, de forma eficaz, a mellora continua da titulación.

Analizar a implantación do Sistema de Garantía de Calidade (SGC) e valorar a súa contribución á mellora continua do título.

#### 3.1.- O SGC posúe os mecanismos necesarios para recoller a información precisa, analízala, detectar debilidades e propoñer accións de mellora, realizando o seu seguimento.

Aspectos a valorar:

- Os procedementos que permiten recoller a información de forma continua, analizar os resultados e empregalos para a toma de decisións e a mellora da calidade do título, desenvóléronse de acordo ao establecido.
- No caso dos títulos interuniversitarios ou dos títulos que se imparten en varios centros da Universidade, as accións levadas a cabo como consecuencia da implantación do SGC están coordinadas en todos os centros participantes no programa formativo.
- Os procedementos de avaliación e mellora da calidade da ensinanza e o profesorado desenvólense de acordo ao establecido.
- O procedemento de suxestións e reclamacións desenvólense de acordo ao establecido.

#### Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

De acordo co Sistema de Garantía de Calidade marco que establece a USC, a Facultade de Matemáticas dispón dun Sistema de Garantía de Calidade (SGC) cuxo deseño e desenvolvemento iniciais foron avaliados positivamente segundo as directrices FIDES-AUDIT no ano 2013.

O sistema marco da USC foi evolucionando e adaptándose ás novas realidades e de forma paralela ao da Facultade. Na actualidade, están vixentes o Manual de SGC (versión 3) e o Manual de Procesos, documentos que foron aprobados no ano 2019. Ditos documentos están publicados na [web](#) da Facultade.

Anualmente, elabórase e apróbase en Xunta de Facultade unha Memoria de Calidade do Centro na que se recolle toda a información dos seguimentos/acreditacións dos títulos adscritos á Facultade, así como o plan de melloras a nivel de Facultade e a nivel dos títulos.

No centro, impártense dous mestrados interuniversitarios e dous dobres graos, e o SGC axuda e facilita a coordinación entre os diferentes centros implicados.

O Sistema de Garantía de Calidade da Facultade de Matemáticas da USC posúe os mecanismos necesarios para recoller

a información precisa e realizar unha análise, como se pon de manifesto tras a acreditación favorable de todos os títulos da Facultade en diferentes cursos. Así mesmo, permite detectar aspectos susceptibles de mellora e levar a cabo accións para aumentar a calidade das ensinanzas que se imparten na Facultade. Estes feitos son evidenciados tamén no *“Informe Final de Evaluación para la Renovación de la Acreditación”* (10/06/2021), que engade que os plans de mellora van encamiñados a responder ás recomendacións derivadas dos informes de seguimento, nomeadamente, o axuste xa realizado das actividades formativas no que se refire ao número de horas expositivas, interactivas e de laboratorio nas diferentes materias mantendo a asignación de créditos, para adecualas a unha mellor distribución de sesións e realizar unha mellor atención ao alumnado, ou a introdución das prácticas externas como materia optativa (por tratarse dunha actividade estratéxica, dada a alta empregabilidade das/os egresadas/os en diferentes ámbitos laborais). Tamén considera que as accións de mellora propostas no curso 2020-21 poden contribuír á mellora do desenvolvemento do Título.

A Comisión Avaliadora valora positivamente que toda a información sobre o seguimento do Título, incluíndo as Memorias de Calidade do Centro, estean dispoñibles na páxina web do Centro, aínda que opinan que se debe traballar na accesibilidade e intelixibilidade da súa presentación separando claramente o que son os documentos xerados pola USC dos informes emitidos pola ACSUG. No informe de renovación da acreditación, considérase que as accións de mellora definidas desde o SGC teñen un alcance limitado e recoméndase definir novas accións de mellora que permitan identificar as principais debilidades da titulación e, posteriormente, facer un seguimento de ditas accións.

Ademais, a comunicación entre as/os responsables académicas/os e os diferentes axentes implicados no Título (estudantes, persoal docente e investigador, persoal de administración e servicios) son fluídas e permiten detectar obstáculos e tratar de formular solucións o antes posible. Aínda máis, estes grupos de interese participan activamente na planificación das accións de mellora nos seus respectivos ámbitos de interese. Deste xeito, as accións de mellora incluídas responden a demandas formuladas desde estes sectores e enfocadas a resolver as debilidades detectadas.

En concreto, a acción **AM-2 (Curso 2021-2022)** ten como obxectivo a mellora da coordinación dos contidos da titulación para equilibrar a carga de traballo asignada a cada curso, que é unha das debilidades que se ten detectado á vista dos datos reflectidos nos informes de seguimento recentes, o que tamén foi manifestado polas/os estudantes. Ademais, as tarefas de coordinación de ditos contidos poderían levar consigo unha posible actualización do plan de estudos. A falta de actualización do plan de estudos ata o momento actual é unha debilidade na que se comezou a traballar a través da execución das accións de mellora **AM-2 (Curso 2020-2021)** e **AM-3 (Curso 2020-2021)**, esta última permitiu realizar propostas de actualización das materias optativas do Grao, adecuándoas aos ámbitos laborais recentes máis relevantes referidos polas/os egresadas/os (véxase o Informe de egresadas/os do Grao en Matemáticas). Polo momento, a proposta non puido materializarse debido á restrición existente para o número total de créditos optativos, pero esténdense as accións para o curso 2021-22.

Nun momento no que as novas tecnoloxías xogan un papel relevante na aprendizaxe, e toda vez que as aulas contan con equipamento actualizado, a acción de mellora **AM-7 (Curso 2021-2022)** céntrase en continuar a mellora do equipamento informático utilizado polo alumnado e mantéñense tamén as accións **AM-6 (Curso 2019-2020)**, coa finalidade de favorecer a posta a disposición pública de materiais de aprendizaxe elaborados polos/as docentes e **AM-5 (Curso 2021-2022)**, que persegue facilitar o acceso, a través do repositorio Minerva da USC, ás memorias dos TFG do título aprobados para os que se conte coa correspondente autorización.


Ademais, outro dos aspectos recollidos é a análise das actividades de avaliación continua e os procedementos de avaliación, centrais para a mellora dos indicadores de rendemento, relativos ao Criterio 7: Indicadores de satisfacción e rendemento. Á vista do informe provisional de renovación de acreditación, propúxose unha acción de mellora **AM-9 (Curso 2020-2021)**, encamiñada a realizar un seguimento das taxas de abandono e de graduación do título, así como da duración media dos estudos, analizando os motivos do abandono a través dunha enquisa elaborada especificamente ao efecto. Pola profundidade do estudo formulado, dita acción mantense para o curso 2021-22 a través de **AM-9 (Curso 2020-2021)**.

Por outra banda, na [Memoria OAR 2020-2021.pdf](#), pódense consultar as suxestións e reclamacións rexistradas:

1. Recursos presentados polo alumnado deste título: 2 do Dobre Grao en Enxeñaría Informática e Matemáticas (1 sobre modificación de matrícula e outro sobre recoñecementos de ERASMUS/SICUE), 2 do Dobre Grao en Matemáticas e en Física (sobre recoñecementos de ERASMUS/SICUE) e 16 do Grao en Matemáticas (1 sobre

anulación de Matrícula, 1 sobre recoñecemento de créditos por actividades, 1 por recoñecemento de estudos, 12 por recoñecementos ERASMUS/SICUE e 1 por revisión de cualificacións).

As temáticas máis habituais son a de “Recoñecementos de ERASMUS/SICUE” (con 15 recursos en total):



2. Tipo de resolución aos recursos presentados polo alumnado do título:

	Desestimado	Estimado	Parcialmente Estimado
<b>Dobre Grao en Matemáticas e Física</b>	0	2	0
<b>Dobre Grao en Enxeñaría Informática e Matemáticas</b>	0	2	0
<b>Grao en Matemáticas</b>	3	12	1
<b>Total</b>	3	16	1

Porén, unicamente no caso de 3 recursos se solicitou resolución por parte do noso Centro.

3. Queixas e suxestións presentadas polas/os estudantes: 1 no Grao en Matemáticas, cualificada dentro da categoría de “Varios” e que foi desestimada.

### 3.2.- A implantación do SGC facilita o seguimento dos títulos, a renovación da acreditación e garante a mellora continua permitindo a introdución de modificacións no título.

Aspectos a valorar:

- As accións de análise e revisión levadas a cabo desde o SGC permiten introducir modificacións para a mellora no título.
- O seguimento das melloras do título confirma que estas foron eficaces e que se conseguiron os obxectivos formulados.
- Os plans de mellora recollen as recomendacións dos diferentes informes derivados do proceso de verificación,

modificación, seguimento e renovación da acreditación.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

O sistema de Garantía de Calidade da Facultade de Matemáticas contén un procedemento, o PC-05 Análise de resultados e mellora dos programas, co que se asegura o seguimento e a mellora dos títulos. Dito proceso permite detectar as debilidades e establece a obrigatoriedade de establecer un plan de melloras para tentar resolvelas.

**Modificacións Informe seguimento 2020-2021:**

- De acordo coa normativa da PAA da USC, realizouse o axuste de horas interactivas de seminario e laboratorio dunha materia do Grao en Matemáticas mantendo a asignación de créditos: *materia optativa Fundamentos de Astronomía, modificouse a planificación temporal referida ao reparto de horas de docencia interactiva pasando de 23 horas IL e 5 horas IS no curso 2019-20 a 12 horas IL e 16 horas IS no curso 2020-21.*

Como se menciona no aspecto anterior, o Sistema de Garantía de Calidade da Facultade de Matemáticas permite detectar accións de mellora, implantalas e realizar o seu seguimento, promovendo a mellora continua dos seus títulos. No caso concreto do Grao en Matemáticas, o plan de melloras remitido no marco dese proceso son evidencias de que o SGC da Facultade está implantado e é eficaz.

**3.3.- O SGC implantado revísase periodicamente para analizar a súa adecuación e, se procede, establécense as melloras oportunas.**

Aspectos a valorar:

- A análise e revisión do SGC, no que participan todos os grupos de interese, deriva en plans de mellora (responsables, calendario de execución, etc.).
- Todos os grupos de interese foron implicados no proceso de elaboración, implantación e seguimento das melloras do SGC.
- As evidencias do SGC manifestan a existencia dunha cultura de calidade consolidada no centro que contribúe á mellora continua.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

A nivel de título, nos distintos Informes de Seguimento (IS) do Grao en Matemáticas incluíronse Accións de Mellora (AM) previstas para cada curso académico. Cada AM ten asignado responsables de execución, de seguimento, calendario de execución, etc.

Os IS foron analizados, debatidos e aprobados pola Comisión de Título e tamén pola Comisión de Calidade do Centro, proba irrefutable da participación dos distintos grupos de interese.

Doutra banda, a elaboración da Memoria Calidade do Centro (MCC) comporta, entre outros, a Revisión/Seguimento do Sistema de Garantía de Calidade (SGC). A MCC tamén é aprobada pola Comisión de Calidade do Centro e pola Xunta de Facultade. As últimas MCC dos cursos 2017-18 e 2018-2019 están publicadas na páxina web do Centro, no apartado de Calidade.

O bo funcionamento do SGC deriva en plans de mellora cuxas accións conseguen un elevado nivel de eficacia, resultando transcendental o labor da Comisión de Calidade da Facultade e da Comisión de Título do Grao en Matemáticas, que se reúnen con frecuencia.

Os grupos de interese (estudantes, persoal docente e investigador, persoal de administración e servizos, etc.) participan activamente na planificación das accións de mellora nos seus respectivos ámbitos de interese.

O SGC revísase periodicamente, de acordo ao establecido na documentación que o conforma.

A pandemia fixo que o proceso de certificación da implantación do seu Sistema se adiase. Esta tarefa acometerase co obxectivo de acadar a acreditación institucional cando sexa posible.

No “*Informe Final de Evaluación para la Renovación de la Acreditación*” (10/06/2021), recoméndase continuar motivando a participación dos diferentes grupos de interese nas enquisas de satisfacción, en particular a do alumnado (taxa de resposta do 52%) e a do profesorado (taxa de resposta do 33,33%) e promover desde o Centro a participación do PDI no Programa DOCENTIA.

Nos últimos cursos, tratáronse de aplicar medidas para que os diferentes grupos de interese cubran as enquisas de satisfacción, por exemplo, a través de correos electrónicos, visita de coordinadoras/es de curso e estudantes titoras/es ás aulas para concienciar da importancia de participar no proceso, ou solicitando ao profesorado que incida na súa importancia. Os datos rexistrados para o curso 2018-2019 reflectían un índice de participación do 52,17%. Durante o curso 2019-20, a porcentaxe de participación foi inferior: 40,87% no primeiro semestre e 38,88% no segundo. No segundo semestre, un dos motivos puido ser a inxente cantidade de enquisas solicitadas, pois fíxose máis importante detectar as dificultades da docencia en remoto no momento no que xurdían. Existen enquisas adicionais, realizadas polo Centro, nas que se reflicte a satisfacción do alumnado coa docencia virtual durante o confinamento, o que quizais explica unha baixa participación nas enquisas institucionais.

Como parte das tarefas da coordinación do título y dos/as coordinadores/as de curso, segue a motivarse a participación dos diferentes grupos de interese nas enquisas de satisfacción coa finalidade de elevar as cifras referidas.

En relación coa participación do PDI do Centro no Programa DOCENTIA, tal e como se indica na web da USC <https://www.usc.gal/es/servizos/calidade/docentia.html>, a terceira convocatoria experimental de dito programa na nosa Universidade e última publicada polo momento, data do 30 de abril de 2012. Desde o centro, promoverase a participación do PDI en dito programa cando se oferte a posibilidade de concorrer a unha nova convocatoria.

## DIMENSIÓN 2. RECURSOS

### CRITERIO 4. RECURSOS HUMANOS:

**Estándar: O persoal académico e de apoio é suficiente e adecuado de acordo coas características do título e o número de estudantes.**

Analizar e valorar a adecuación do persoal académico e de apoio que participa no título obxecto de avaliación.

**4.1.- Persoal académico. O título conta con profesorado suficiente e a súa cualificación é a adecuada, tendo en conta as características do plan de estudos, as modalidades de impartición e as competencias que deben alcanzar os estudantes.**

Aspectos a valorar:

- O profesorado que participa no título conta co nivel de cualificación (experiencia docente e investigadora) exixido para a súa impartición e é acorde coas previsións que se incluíron na memoria verificada. Revisarase especialmente o perfil do persoal académico asignado ao primeiro curso de títulos de grao, a prácticas externas e asociado ao Traballo Fin de Grao ou Traballo Fin de Máster.
- O profesorado é suficiente para desenvolver as funcións e atender a todos os estudantes.
- A institución ofrece oportunidades ao profesorado para actualizarse e continuar coa súa formación co obxectivo de mellorar a actividade docente.
- Participación do profesorado en programas de mobilidade.
- No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á contratación e mellora da cualificación docente e investigadora do profesorado.

#### Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Os indicadores considerados no informe de indicadores [2500172\\_Informe\\_de\\_indicadores\\_2020\\_21.pdf](#) son:

- IN24G- Porcentaxe de Persoal Docente e Investigador (PDI) con sexenios sobre o PDI total
- IN25G- Porcentaxe de PDI doutor sobre o PDI total
- IN26G- Porcentaxe de PDI funcionario sobre o PDI total
- IN30G- Ratio de estudantes por profesor a tempo completo
- IN31G- Media de alumnas/os por grupo de teoría
- IN32G- Media de alumnas/os por grupo de docencia interactiva
- IN46G- Satisfacción do alumnado coa docencia recibida
- IN47G- Satisfacción do profesorado coa docencia impartida
- IN55G- Media de alumnas/os matriculadas/os en materias (FB e OB) por grupo de teoría (expositivas)
- IN56G- Media de alumnas/os matriculadas/os en materias optativas por grupo de teoría (expositivas)

Analizamos os diferentes indicadores:

Código	<b>IN24G</b>
Nome	<b>Porcentaxe de Persoal Docente e Investigador (PDI) con sexenios sobre o PDI total</b>
Procedemento de Cálculo	Relación porcentual entre o PDI con sexenios e o PDI total con docencia no título. Achega información sobre o perfil do profesorado.

	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21
<b>Total (%)</b>	<b>90,63</b>	<b>89,55</b>	<b>93,55</b>	<b>93,22</b>	<b>92,06</b>	<b>92,65</b>

A porcentaxe en media é moi satisfactoria, e que non se acade o 100% pon de manifesto un incipiente relevo xeracional que supón un decrecemento de sexenios por xubilación e por incorporación de persoal novo que non podía solicitarlos ou que os está a solicitar. O mesmo ocorre coa porcentaxe do PDI funcionario sobre o total, indicador que baixou máis de dous puntos dende o curso 2015-16. Se analizamos o profesorado co grao de doutor, o indicador estase a incrementar dende o curso 2018-19 pola paulatina incorporación de doutoras/es recentes a novas prazas de profesor axudante doutor, así como a algunhas interinidades de substitución. Esta información

pode ser observada nas seguintes táboas:

Código	<b>IN25G</b>
Nome	<b>Porcentaxe de PDI doutor sobre o PDI total</b>
Procedemento de Cálculo	Relación porcentual entre o PDI doutor e o PDI total con docencia no título. Achega información sobre o perfil do profesorado.

	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21
<b>Total (%)</b>	<b>98,48</b>	<b>95,77</b>	<b>94,12</b>	<b>89,55</b>	<b>91,78</b>	<b>95,00</b>

Código	<b>IN26G</b>
Nome	<b>Porcentaxe de PDI funcionario sobre o PDI total</b>
Procedemento de Cálculo	Relación porcentual entre o PDI funcionario e o PDI total con docencia no título. Achega información sobre o perfil do profesorado.

	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21
<b>Total (%)</b>	<b>86,36</b>	<b>81,69</b>	<b>82,35</b>	<b>80,60</b>	<b>79,45</b>	<b>75,00</b>

A media de estudantes por grupo na docencia expositiva e interactiva está dentro das definicións de grupos definidos pola USC, salientando que non é uniforme en todos os cursos. O primeiro indicador contabilizouse ata o curso 2017-18.

Código	<b>IN31G</b>
Nome	<b>Media de alumnas/os por grupo de teoría</b>
Procedemento de Cálculo	Relación entre o número de alumnas/os matriculadas/os e o número de grupos de teoría.

	2012-13	2013-14	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18
<b>Total</b>	<b>72,84</b>	<b>69,98</b>	<b>78,71</b>	<b>75,52</b>	<b>76,07</b>	<b>76,44</b>

Código	<b>IN32G</b>
Nome	<b>Media de alumnas/os por grupo de docencia interactiva</b>
Procedemento de Cálculo	Relación entre o número de alumnas/os matriculadas/os e o número de grupos de docencia interactiva.

	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21
Grupos de laboratorio	24,88	23,80	22,48	25,75	24,86	24,27
Grupos de seminario	38,88	32,72	30,26	37,92	36,00	36,35
<b>Total</b>	<b>29,08</b>	<b>26,60</b>	<b>24,91</b>	<b>29,19</b>	<b>28,08</b>	<b>27,69</b>

Detallamos as xubilacións xa producidas na seguinte táboa, que suman un total de 15 dende o curso 2015-16:

	Xubilacións 2015-16	Xubilacións 2016-17	Xubilacións 2017-18	Xubilacións 2018-19	Xubilacións 2019-20	Xubilacións 2020-21
Álgebra			2			
Análise Matemática	2					
Astronomía e Astrofísica						1
Estatística e IO	1		2			
Matemática Aplicada						1
Xeometría e Topoloxía		2	2	2		

Preséntanse asemade as prazas novas nas diferentes áreas de coñecemento:



Prazas novas	Prazas novas 2015-16	Prazas novas 2016-17	Prazas novas 2017-18	Prazas novas 2018-19	Prazas novas 2019-20	Prazas novas 2020-21
Álgebra						
Análise Matemática		Praza 1009/16-17 Profesor Asociado  Praza 1001/16-17 Profesor Axudante Doutor  Praza 1061/16-17 Profesor Contratado Interino de Substitución	Praza 0001/17-18 Profesor Contratado Interino de Substitución Praza 1090/17-18 Profesor Contratado Interino de Substitución  Praza 4001/17-18 Profesor Axudante Doutor  Praza 5001/17-18 Profesor Asociado		Praza 1017/19-20 Profesor Axudante Doutor	Praza 1024/20-21 Profesor Axudante Doutor  Praza 2476/20 Catedrático de Universidade  Praza 2509/20 Profesor Titular de Universidade
Astronomía e Astrofísica						
Estatística e IO		Praza 3001/16-17 Profesor Contratado Doutor	(*) Profesora Interina a Tempo Completo  (*) Profesora Titular de Universidade	Praza L022/18-19 Profesor Contratado Interino de Substitución Praza L017/18-19 Profesor Contratado Interino de Substitución  Praza 1096/18-19 Profesor Contratado Interino de Substitución  Praza 1009/18-19 Profesor Contratado Doutor	Praza 1018/19-20 Profesor Axudante Doutor  Praza 1019/19-20 Profesor Axudante Doutor	Praza 1025/20-21 Profesor Axudante Doutor  Praza 2510/20 Profesor Titular de Universidade
Matemática Aplicada	Praza 1009/15-16 Profesor Contratado Doutor			Praza 4011/18-19 Profesor Contratado Doutor (Campus de Lugo)	Praza 2451/19 Profesor Titular de Universidade (Campus de Lugo)	
Xeometría e Topoloxía				Praza 7002/18-19 Profesor Contratado Doutor	Praza 2422_19 Catedrático de Universidade	Praza 2490_20 Catedrático de Universidade

Das prazas novas do curso 2016-17, só se mantiveron no curso 2017-18 a de Contratado Doutor e a de Axudante doutor, as outras dúas volveron convocarse no curso 2017-18. As prazas identificadas con (\*) non foron tramitadas pola Facultade de Matemáticas, igual que as que se identifican no Campus de Lugo. Ademais, nas prazas de promoción, cada unha delas supuxo a amortización da ocupada ata ese momento polo/a docente que a acadou.

Poñemos de manifesto a necesidade de seguir ofertando prazas e, na medida do posible, mellorando as prestacións das mesmas. Despois da análise da alta empregabilidade das persoas tituladas en Matemáticas, é importante que as prazas ofertadas teñan opcións de estabilidade e promoción para poder ser competitivas coa oferta existente fóra do ámbito universitario.




No “Informe Final de Evaluación para la Renovación de la Acreditación” (10/06/2021), recóllese que o Persoal Docente e Investigador (PDI) responsable da docencia do título é suficiente e conta cun excelente nivel de cualificación docente e investigador, valorando os altos índices referidos. Tamén cualifica a participación no Programa de Formación e Innovación como “niveis razoables”, e como “alto” o nivel de satisfacción do PDI con estas actividades formativas. Ademais, recoméndase ao Centro unha maior proactividade en todos aqueles aspectos relativos á renovación do PDI que se ten que acometer nos próximos anos como consecuencia da próxima xubilación dun número significativo de docentes. Indícase que a análise que realice o Centro debe ser remitido aos Departamentos e ás Vicerreitorías correspondentes para que esta situación provoque o mínimo impacto na formación que se ofrece ás/aos estudantes deste título.

Por outra banda, aínda que a responsabilidade dos procesos de solicitude de prazas de profesorado recae exclusivamente nos Consellos de Departamento, a Facultade apoia incondicionalmente todas as solicitudes de persoal dirixidas a mellorar a calidade da formación dos títulos dos que é responsable. No presente informe, deuse conta das xubilacións producidas e das novas prazas en cada unha das Áreas de coñecemento dos Departamentos con sede no Centro. Tendo en consideración o significativo número de xubilacións que se teñen producido e as que se prevé que teñan lugar nos próximos anos, sempre que a oportunidade o permite, desde o Centro ponse de manifesto a mencionada necesidade e demándase á USC que execute as medidas pertinentes para unha axeitada renovación do equipo docente. Ademais, os datos sobre esta cuestión, como parte do informe de seguimento, son remitidos aos Departamentos con sede no Centro e á Vicerreitoría con competencias en Calidade. Como demanda de que esta situación provoque o mínimo impacto na formación que se ofrece ás/aos estudantes do Grao en Matemáticas, dita información poderá ser remitida tamén ás Vicerreitorías con competencias en profesorado, organización académica e titulacións.

### Satisfacción coa docencia

Recollemos os resultados dos indicadores relativos á satisfacción coa docencia tanto do alumnado como do profesorado. Amósase unha tendencia crecente nos dous colectivos, excepto no curso 2019-20, que foi singular por mor do confinamento. A diminución da valoración nese curso pode representar as dificultades inherentes a ese período, que semellan ter sido maiores para os/as docentes á vista da diminución rexistrada na valoración. Mentres que, para o alumnado, o curso 2020-21 é o mellor valorado dos últimos seis, a valoración realizada polo profesorado no curso 2020-21 aínda é inferior á rexistrada no curso 2018-19. Malia todo, desde o presente informe queremos deixar constancia da satisfacción colectiva e da oportunidade para reflexionar e seguir mellorando a partir do aprendido.



Código	<b>IN46G</b>
Nome	<b>Satisfacción do alumnado coa docencia recibida</b>
Procedemento de Cálculo	Valoración media da enquisa de satisfacción do alumnado coa docencia recibida. Permite coñecer a opinión dese grupo de interese sobre a docencia que reciben.

	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21
<b>Total</b>	<b>3,76</b>	<b>3,79</b>	<b>3,85</b>	<b>3,85</b>	<b>3,84</b>	<b>4,00</b>

Código	<b>IN47G</b>
Nome	<b>Satisfacción do profesorado coa docencia impartida</b>
Procedemento de Cálculo	Valoración media da enquisa de satisfacción do profesorado coa docencia impartida. Permite coñecer a opinión dese grupo de interese sobre a docencia que imparten.

	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21
<b>Total</b>	<b>4,04</b>	<b>4,06</b>	<b>4,11</b>	<b>4,30</b>	<b>4,16</b>	<b>4,21</b>

No informe *“Informe Final de Evaluación para la Renovación de la Acreditación”* incidese na necesidade de animar ao profesorado a participar no Programa Docencia, que non está activo na USC desde hai varios cursos. Sendo así, os resultados singulares nas enquisas son analizados entre as/os responsables dos departamentos e do equipo decanal. No momento que estea dispoñible de novo o programa, fomentárase a participación do profesorado nel. Traballamos tamén para fomentar a participación do alumnado nas enquisas de satisfacción, tratando de facer unha lectura prudente dos resultados atendendo á participación. As porcentaxes de participación veñen reflectidas na seguinte táboa:

Código	<b>IN48G</b>
Nome	<b>Taxa de resposta na enquisa de satisfacción do alumnado coa docencia recibida</b>
Procedemento de Cálculo	Porcentaxe de resposta na enquisa de satisfacción por parte do alumnado. Permite analizar o peso relativo da valoración acadada no indicador IN46.

	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21
<b>Total (%)</b>	<b>37,53</b>	<b>49,57</b>	<b>58,09</b>	<b>48,83</b>	<b>55,24</b>	<b>47,80</b>

Os resultados académicos son analizados tamén nas xuntanzas de coordinación.

No curso 2020-2021, a porcentaxe de PDI con docencia no Grao en Matemáticas que realizou algún curso do programa de formación (Programa de Formación e Innovación Docente, PFID) foi do 45,79%. Isto supón un índice elevado de participación, aínda que un pouco inferior ao dato correspondente ao curso 2019-20 (53,61%), no que o período de confinamento supuxo un reto para dar resposta á nova situación e a adquisición de novas competencias dixitais foi de suma importancia para o equipo docente.

	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21
<b>Total</b>	31,58%	20,99%	14,77%	24,44%	53,61%	45,79%

No documento [5060\\_INF.10\\_2020\\_2021.pdf](#) “Informe satisfacción relación cursos PFID\_2020-2021\_Enquisa de satisfacción do PDI coas accións formativas (2020-2021)”, rexístrase unha taxa de participación do 45,31% e unha valoración media da satisfacción xeral de 4,49 sobre 5. As necesidades tecnolóxicas na docencia poden seguir sendo unha causa da elevada participación nos cursos, sobre todo para as/os docentes das materias de primeiro semestre, xa que a docencia expositiva das materias de primeiro semestre fora presencial no curso 2019-20 e, polas cuestións de aforo, telemática no curso 2020-21 (a través de MS Teams e mesmo empregando o novo equipamento das aulas, sendo beneficiosa a formación proporcionada polo PFID ao respecto).

#### **4.2.- Persoal de apoio (persoal de administración e servizos, técnicos de apoio á docencia, etc.). O título conta con persoal de apoio suficiente e a súa cualificación é a adecuada, tendo en conta as características do plan de estudos.**

Aspectos a valorar:

- O persoal de apoio é suficiente para desenvolver as funcións e atender a todo o persoal docente e estudantes.
- O persoal de apoio que participa no título conta co nivel de cualificación exixido e é acorde coas previsións que se incluíron na memoria verificada.
- No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á contratación e mellora do persoal de apoio.
- A institución ofrece oportunidades ao persoal de apoio para actualizarse e continuar coa súa formación co obxectivo de mellorar a súa labor de apoio ao proceso de ensinanza-aprendizaxe.

### Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

No documento [5060\\_E16\\_2020-2021.pdf](#), dáse conta de todo o persoal de apoio da Facultade de Matemáticas, contando o persoal da Biblioteca que depende organicamente da Biblioteca Xeral da USC. Son un total de 17 persoas, por unidades están detalladas coa escala ou categoría correspondente, as 3 responsables da Secretaría administrativa dos tres departamentos con sede no centro, as 6 da Biblioteca, as 4 que se ocupan do funcionamento da Conserxería e as 4 que desempeñan as súas funcións no Nivel 3 na zona do decanato.

Como foi mencionado nos informes anteriores, cabe destacar a dedicación de todo o persoal. O persoal da conserxería realiza un destacable labor sistemático de revisión e mantemento das instalacións, así como de apoio ao PDI, ao igual que o técnico xestor de sistemas que supervisa as aulas de informática das Facultades de Matemáticas e Bioloxía. Tanto a secretaria do decanato, o posto base, como a xestora académica, proporcionan unha atención individualizada ao alumnado, en horario de mañá.

Nas xornadas de benvinda ás/aos novas/os estudantes no curso 2020-21 e por cuestións de seguridade sanitaria, o equipo decanal encargouse de presentar as encomendas de cada unha das unidades e na Guía da Facultade detállanse as persoas de contacto en cada unha delas.

Podemos consultar en [5060\\_I6-I7\\_2020-2021.pdf](#) a evolución da porcentaxe de participación en cursos de formación nos últimos anos, que baixou ata os 29,41%, sendo a máis baixa dos últimos cursos.

Por outra parte, en [5060\\_INF.11\\_2020\\_2021.pdf](#), podemos consultar a evolución da satisfacción media do PAS coas actividades formativas desenvolvidas, que representa un valor de 7,468 puntos (valoración media, sobre 10, de todas as respostas do PAS á enquisa de satisfacción das/os asistentes aos cursos do Programa de Formación de PAS).

A porcentaxe de participación do PDI do título nos programas de formación foi analizada no apartado anterior.

No *"Informe Final de Evaluación para la Renovación de la Acreditación"* (10/06/2021), recóllese que o Persoal de Apoio e Servizos (PAS) involucrado na docencia do título é suficiente e que a súa cualificación é a axeitada, valorando as accións que, desde a Universidade, se impulsan conducentes á formación continua deste colectivo e cualificando satisfactoriamente a evolución da súa participación en cursos de formación, relacionado este aspecto coa recomendación establecida no informe final para a renovación de acreditación anteriormente emitido. A Comisión valora positivamente o grao de satisfacción dos membros do PAS cos cursos de formación recibidos e a "suficientemente alta" porcentaxe de participación nas análises da satisfacción no curso 2018-19.

Por outra banda, xa no informe final para a renovación de acreditación anterior se recomendaba reforzar o persoal de apoio correspondente aos servizos informáticos da Facultade. Desde o Centro solicitouse en varias ocasións e foi detallado en varias accións de mellora (por exemplo AM-7 (2017-2018)). Desde a Facultade de Matemáticas, na Comisión de Tecnoloxías da Información e a Comunicación, recompilamos en dúas xornadas de traballo en xaneiro e febreiro de 2020 diferentes respostas e comentarios ao documento recibido desde a Área TIC da USC. Concretamente, atendendo a este tema, precisamos:

- *"É de total interese dispoñer de persoal de apoio que resolva calquera problema alleo ao propio da clase a impartir. Calquera contratempo co uso do ordenador ocasiona un trastorno á hora de impartir unha clase. Hai que ter en conta que só o administrador do equipo pode resolver certos problemas e este non está dispoñible nun prazo de tempo razoable. O persoal de apoio debería ter un horario que permita atender as incidencias no horario no que as clases están programadas e que cubra asemade o calendario de exames que precisen o emprego das aulas de informática.*
- *Dispoñer de aulas de informática abertas só para que os alumnos e alumnas practiquen, e sempre con persoal de apoio cubrindo as dependencias informáticas do centro."*

No *"Informe Final de Evaluación para la Renovación de la Acreditación"* (10/06/2021), valórase que a Facultade teña atendido a esta cuestión, mais recoméndase de novo que continúe solicitando o incremento de persoal de apoio nos seus servizos informáticos para que, así, este sexa suficiente para atender as necesidades do alumnado (demanda que non ten sido atendida polo momento por parte da Universidade). Desafortunadamente, desde a Facultade non se pode propoñer ningún tipo de contrato ou actividade de colaboración para resolver esta debilidade. Sendo competencia da Universidade, seguirase a insistir aos Responsables institucionais sobre a necesidade de contar con apoio nas aulas de informática na quenda de tarde, a través de persoal da área TIC ou con algunha convocatoria de bolsas para realizar este tipo de tarefas, aínda que moitas/os das/os estudantes utilizan os seus propios equipos para

realizar as tarefas na clase, sempre que se manexe software libre ou que dispoñan de licencias de uso escolar (como é o caso de Maple).

## DIMENSIÓN 2. RECURSOS

### CRITERIO 5. RECURSOS MATERIAIS E SERVIZOS:

**Estándar:** Os recursos materiais e servizos postos a disposición do desenvolvemento do título son os adecuados en función da natureza, modalidade do título, número de estudantes matriculados e competencias a adquirir.

Analizar e valorar se os recursos materiais e servizos postos a disposición dos estudantes son os adecuados ás necesidades do título.

#### 5.1.- Os recursos materiais, infraestruturas e servizos postos a disposición dos estudantes e o profesorado son suficientes e adecuados ás características do plan de estudos, ás modalidades de impartición e ás competencias que deben alcanzar os estudantes.

Aspectos a valorar:

- As infraestruturas destinadas ao proceso formativo son as adecuadas en función da natureza e modalidade do título. Prestarase especial atención á dispoñibilidade de aulas, salas de estudo, aulas de informática e recursos informáticos, laboratorios, salas de reunións, biblioteca, ...
- Os recursos materiais, postos a disposición dos estudantes, son os adecuados en función da natureza e modalidade do título e as competencias a adquirir por eles y coinciden coas previsións que se incluíron na memoria de verificación. Prestarase especial atención á dispoñibilidade de equipamento e material científico, técnico, asistenciais e artístico, (dependendo da tipoloxía de ensinanza), ...
- Aplicación das normativas de accesibilidade universal e deseño para todos, seguridade, saúde e medio ambiente e coñecemento delas polos axentes implicados.
- Os fondos bibliográficos, recursos documentais,... son suficientes e están actualizados.
- No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á creación, posta en marcha ou utilización de novas infraestruturas ou servizos externos á Universidade.
- Os servizos de orientación académica (selección de materias, problemas de aprendizaxe, necesidades especiais, aloxamento,...) e orientación profesional postos a disposición dos estudantes son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.
- Os servizos de atención ao estudante (documentación, informes de cualificacións, actas, certificados académicos, tramitación de solicitudes de validacións ou de traslado,...) postos á súa disposición son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.
- Os programas de acollida e apoio ao estudante orientáno no funcionamento da institución.
- Tendo en conta as diferentes modalidades de impartición do título, analízase e revisase o grao de adecuación, para a consecución das competencias por parte dos estudantes, das infraestruturas tecnolóxicas e servizos tanto no centro responsable do título como, no seu caso, en centros externos (centros de prácticas, empresas, centros asociados, etc.).
- No caso de que o título contemple a realización de prácticas externas, as instalacións onde se realizan son adecuadas para a adquisición das competencias.

#### Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O indicador considerado no informe de indicadores 2500172\_Informe\_de\_indicadores\_2020\_21.pdf é IN33G-Grao de satisfacción das/os egresadas/os cos servizos.

O indicador **IN33G** viña amosando unha valoración moi positiva dos estudantes cos servizos recibidos. Porén, este indicador foi eliminado da enquisa dende o curso 2019-20.

Código	<b>IN33G</b>
Nome	<b>Grao de satisfacción das/os egresadas/os cos servizos</b>
Procedemento de Cálculo	Valoración media das preguntas relativas á satisfacción cos servizos da enquisa de egresadas/os. Permite coñecer a opinión dese grupo de interese sobre a xestión dos servizos dispoñibles.

	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21
<b>Total</b>	<b>4,35</b>	<b>4,38</b>	<b>4,30</b>	<b>4,44</b>	-	-

Apréciase un aumento da valoración por parte do profesorado que impartiu docencia no Grao en Matemáticas, no “Informe da enquisa do profesorado coa docencia impartida 2020-21” [2500172\\_INF.14\\_2020\\_2021.pdf](#), tanto no material e servizos de apoio como os recursos do centro (ata o curso 2017-18).

PDI	2012-13	2013-14	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21
O material e servizos de apoio á docencia existentes na USC (*)	4,7	4,37	4,55	4,59	4,16	4,36	4,37	4,19	4,45
No centro, conto cos recursos necesarios	4,6	4,42	4,41	4,58	4,16	4,49			

(\*) Pregunta única dende o curso 2018-19 “O material e servizos de apoio á docencia existentes na Universidade (fondos bibliográficos, fondos audiovisuais, aulas virtuais, aulas de informática, espazos de traballo...?) son axeitados para o desenvolvemento da materia?”

En canto á satisfacción por parte do PAS, segundo se recolle no “Informe da enquisa de satisfacción do Persoal de Administración e Servizos da Facultade de Matemáticas” documento [5060\\_INF.21\\_2020\\_2021.pdf](#), os resultados que se amosan na seguinte táboa reflicten o mantemento da mellora respecto aos datos dos primeiros cursos indicados. A formulación da pregunta \* sufriu modificación.

PAS	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21
Os espazos destinados ao desenvolvemento e á coordinación das funcións do PAS son axeitados	3,75	2,56	3,25	3,5	*	*
Os recursos necesarios/dispoñibles para o desenvolvemento das funcións/do meu traballo son axeitados	2,75	2,78	4,33	4	4,17	4

Os espazos de traballo do PDI e do PAS foron obxecto de análise nun informe anterior e a acción de mellora [AM-3 \(2018-2019\)](#) recollía este aspecto. Neste momento, estase a renovar a climatización da Facultade. Asemade, falta finalizar a redistribución dos espazos, que se reformulou na acción de mellora [AM-1 \(2019-2020\)](#), estendendo a finalización ao curso 2020-21. A aplicación na Facultade do novo regulamento de espazos estaría relacionada co desenvolvemento da acción [AM-6 \(2020-2021\)](#).

No “[Informe Final de Evaluación para la Renovación de la Acreditación](#)” (10/06/2021), valóranse as infraestruturas, os recursos materiais e os servizos postos a disposición do alumnado e o profesorado como suficientes e axeitados para garantir a calidade da docencia impartida, recibindo unha alta valoración por parte dos colectivos que os empregan. Tamén destacan no informe a importante mellora do nivel de satisfacción do PAS respecto aos espazos e recursos no exercicio das súas funcións.

### Biblioteca

- A Biblioteca conta con 236 postos repartidos en diferentes espazos: sala de lectura común e postos individualizados.
- A colección dos fondos bibliográficos no ano 2020 era de 32.700 volumes, dos cales 4.480 corresponden aos libros para o alumnado. Ademais, hai que ter en conta as adquisicións de libros electrónicos da colección de *Matemáticas y Estadística* da editorial Springer Nature, que inclúe nestes momentos todos os libros publicados nos períodos 1929-2021, a cal é consultable e desde a web da BUSC no enlace libros electrónicos (<https://sfx.bugalicia.org/san/ebooksearch?lang=gal>). Así mesmo, a Biblioteca dispón dun fondo de 579 títulos de publicacións periódicas en papel, moitas das cales son

accesibles na actualidade de forma electrónica.

- A Biblioteca da Facultade ten un blog informativo Suma-Te, <http://sumatebib.wordpress.com/>. Conta coa participación do profesorado dentro da sección “A propósito dos libros” para dar a coñecer os libros da biblioteca de interese para a formación do alumnado. A participación da biblioteca nas redes sociais realízase a través da conta de Instagram [busc\\_matematicas](#).
- O gasto en adquisición de monografías durante o 2020 foi de 22.837 euros, dos cales 6.682 euros proceden do orzamento centralizado da Biblioteca e 15.400 euros foron investidos con cargo a diferentes proxectos de investigación liderados por investigadores da Facultade. Estes orzamentos foron xestionados pola biblioteca e todos os libros ingresaron na súa colección. Do investimento realizado con cargo aos mencionados proxectos, no 2020 destácase a compra da colección de libros electrónicos de Matemáticas e Estatística da editorial Springer Nature. Así, volveuse investir nesta mesma colección de libros electrónicos coa compra dos anos 2020, 2016, 2014, 2013 e 2005. No ano 2021, adquiriuse ademais da colección deste ano, as correspondentes aos anos 2006-2012. A partir deste momento, pódese ter acceso a toda a colección completa: 1929-2021.
- O persoal da Biblioteca revisa anualmente os programas das materias, co fin de comprobar que todas as obras recomendadas na bibliografía estean dispoñibles. Actualmente, o 100% dos libros recomendados na titulación de grao están dispoñibles para o alumnado e a maioría con varios exemplares. Respecto á bibliografía recomendada nos estudos de máster que se imparten na Facultade, nos anos 2020 e 2021 a biblioteca continúa a realizar unha política de adquisicións destas obras para que o alumnado teña practicamente acceso total a elas.
- A biblioteca oferta todos os anos académicos dous cursos en liña sobre “Competencias Informacionais\_Nivel Básico” e “Competencias Informacionais\_Nivel Avanzado” soportados na plataforma Moodle do campus virtual da USC. Están programados nos meses de outubro, para o nivel básico, e en febreiro para o nivel avanzado. A participación do alumnado no 2020 foi de 73 participantes no nivel básico e de 105 participantes no avanzado.
- En relación co equipamento e instalacións, nos exercicios económicos do 2020, co fin de mellorar as instalacións da biblioteca, a Facultade investiu na instalación na colocación de enchufes nas mesas da sala de lectura.

O “Informe Final de Evaluación para la Renovación de la Acreditación” (10/06/2021) destaca as melloras referidas no autoinforme previo en relación á dotación bibliográfica e aos servizos da biblioteca, así como o alto índice de satisfacción.

#### Aulas de clase de docencia expositiva e interactiva

Aula	Nome	Localización	Capacidade	Capacidade DM
Aula 1		Nivel 1	60	15
Aula 2	Antonio Valle Sánchez	Nivel 2	140	35
Aula 3	Eduardo García-Rodeja	Nivel 3	140	35
Aula 4	Ramiro Melendreras Gimeno	Nivel 2	26	13
Aula 5	Antonia Ferrín Moreiras	Nivel 2	49	12
Aula 6	Enrique Vidal Abascal	Nivel 3	182	38
Aula 7		Nivel 4	42	14
Aula 8		Nivel 4	42	14
Aula 9		Nivel 4	42	14
Aula 10		Nivel 4	42	14
Aula Magna	Ramón María Aller Ulloa	Nivel 3	209	47
Salón de Graos		Nivel 4	80	25



A capacidade fai referencia ao aforo sen contar o posto da/o docente e/ou relator/a. A Capacidade DM está calculada coa restrición de distancia mínima entre as persoas asistentes non docentes e/ou relatoras de 1,5 metros coa que se iniciou o curso 2020-21. Todas as aulas desde a 1 á 10 dispoñen de encerados, ordenador con monitor, conexión a internet, canón de vídeo e pantalla. Ademais:

- As aulas 2, 3 e 6 dispoñen de cámaras de alta definición a partir do segundo semestre do curso 2020-21.
- A aula 4 dispón tamén dun sistema de videoconferencia e equipos informáticos, como se detalla ao mencionar as aulas de informática.
- As aulas 7, 8, 9 e 10 dispoñen de cámaras de alta definición a partir do curso 2020-21.
- A Aula Magna dispón de canón de vídeo e pantalla grande, conexión a Internet, megafonía con 4 micros fixos e 2 sen fíos, reprodutor de DVD, encerado, sistema de videoconferencia e cámara de alta definición.
- Salón de Graos dispón de canón de vídeo, conexión a internet, encerado e pantalla.

**Outro equipamento docente** (previa reserva na conserxería):

- 8 ordenadores portátiles, 2 canóns de vídeo e 15 tabletas dixitalizadoras.
- Retroproectores de transparencias.
- Canón de vídeo, conexión a Internet e sistema de videoconferencia localizado na Sala de Xuntas.
- Pantalla informativa.

### Aulas de informática

Nas accións de mellora dos diferentes cursos, incluíuse a renovación de equipos informáticos. Durante o curso 2020-21, renováronse un grande número de equipos das aulas de informática.

O *"Informe Final de Evaluación para la Renovación de la Acreditación"* (10/06/2021), reconece o desenvolvemento de accións encamiñadas á mellora e renovación do equipamento informático, en particular, **AM-3 (Curso 2019-2020)**, continuada en **AM-6 (Curso 2020-21)**. A Comisión de Avaliación dá conta do aumento nese momento da satisfacción xeral coas aulas de informática ata un 2,95, superando a media da USC. Porén, no "Informe de satisfacción do alumnado coa titulación no curso 2020-21" [2500172\\_INF.22\\_2020-2021.pdf](#), a valoración sobre a adecuación das infraestruturas e materiais dispoñibles no Centro baixa ata un 2,76. Isto, xunto coa recomendación contida no informe de renovación da acreditación de continuar coa política de accións encamiñadas á mellora e renovación dos recursos e equipos informáticos dispoñibles na Facultade, xustifica o mantemento da acción **AM-7 (Curso 2021-22)**.

	Localización	Nº equipos	Nº equipos remozados nos últimos 6 cursos	% equipos remozados
Aula Informática 0	Nivel 1	9	1	11,11
Aula Informática 1	Nivel 3E	13	13	100,00
Aula Informática 2	Nivel 3E	26	26	100,00
Aula Informática 3	Nivel 3E	25	23	92,00
Aula Informática 4	Nivel 3E	25	9	36,00
Aula Informática 5	Nivel 3E	24	18	75,00
Aula 4	Nivel 2	19	10	52,63
<b>Total equipos</b>		141	100	70,92

### Campus virtual



A USC dispón dunha plataforma de docencia virtual cuxo emprego vai en aumento nos últimos cursos, como se recolle na seguinte táboa:

	Curso 2016/17	Curso 2017/18	Curso 2018/19	Curso 2019/20	Curso 2020/21
1º	10/10 materias activas	10/10 materias activas	10/10 materias activas	10/10 materias activas	10/10 materias activas
2º	7/10 materias activas	9/10 materias activas	10/10 materias activas	10/10 materias activas	10/10 materias activas
3º	8/11 materias activas	9/11 materias activas	11/11 materias activas	11/11 materias activas	11/11 materias activas
4º	7/14 materias activas	8/14 materias activas	13/14 materias activas	14/14 materias activas	14/14 materias activas

Dende o curso 2019-20, todas as materias teñan activo o campus virtual. Asemade, a valoración do campus virtual por parte dos/as estudantes no último curso é dun 3,64 sobre 5, similar ao 3,69 obtido no curso anterior.

O *“Informe Final de Evaluación para la Renovación de la Acreditación” (10/06/2021)* aprecia o aumento no emprego do campus virtual, como indicador do vínculo virtual cada vez máis forte entre alumnado e Universidade.

Por último, o informe mencionado no parágrafo anterior recomenda potenciar os servizos de orientación académica e profesional ofertados ás/aos estudantes como axuda á súa inserción laboral. En relación a esta cuestión, a USC dispón, como servizo dependente da Vicerreitoría de Igualdade, Cultura e Servizos, da Área de Orientación Laboral e Emprego <https://www.usc.gal/gl/servizos/saee/aol/>, dirixida ao actual e antigo alumnado da USC co obxectivo de mellorar a súa empregabilidade e desenvolvemento profesional, proporcionando actividades formativas, información sobre prácticas e ofertas de emprego, etc.

Desde o propio Centro, incídese na necesidade de achegar o mundo laboral ás/aos estudantes, especialmente a aquelas/es dos últimos cursos. En concreto, celébranse xornadas de presentación de estudos de Máster e encontros de orientación laboral <https://twitter.com/MatematicasUSC/status/1385204868990869506/photo/1>, a través dos cales egresadas/os que traballan en diferentes empresas e institucións comparten a súa experiencia coas/os futuras/os graduadas/os, amosan diferentes saídas profesionais das Matemáticas e dan pautas sobre como acceder aos postos de traballo correspondentes.

Como xa comentamos, a acción de mellora **AM-12 (Curso 2021-2022)** vai encamiñada a organizar e levar a cabo Encontros de Orientación Laboral coa finalidade promover os mestrados e programas de doutoramento nos que participan os membros da Facultade e proporcionar orientación sobre actividade laboral en empresas e institucións.

### DIMENSIÓN 3. RESULTADOS

#### **CRITERIO 6. RESULTADOS DE APRENDIZAXE:**

**Estándar: Os resultados de aprendizaxe alcanzados polos titulados son coherentes co perfil de egreso e correspóndense co nivel do MECES da titulación.**

Analizar os resultados de aprendizaxe alcanzados polos estudantes e se son coherentes co perfil de egreso e se corresponden co nivel do MECES do título.

#### **6.1.- Os estudantes ao finalizar o proceso formativo adquiriron as competencias previstas para o título.**

Aspectos a valorar:

- O desenvolvemento das actividades académicas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación e cualificación contribúen á consecución e valoración dos resultados de aprendizaxe previstos.
- Os resultados de aprendizaxe alcanzados satisfán os obxectivos do programa formativo e adecúanse ao nivel MECES.
- Os resultados de aprendizaxe téñense en conta para a revisión e mellora do plan de estudos.

#### **Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

Os indicadores considerados no informe de indicadores [2500172\\_Informe\\_de\\_indicadores\\_2020\\_21.pdf](#) son:

- IN34G-Taxa de rendemento
- IN35G-Taxa de éxito
- IN36G-Taxa de avaliación

Como foi comentado no apartado de coordinación, desde o decanato remitiuse a todo o profesorado, a través da coordinación de curso, os resultados das avaliacións e das taxas de éxito, rendemento e avaliación do curso 2020-21. Todos os datos foron procesados para o Grao en Matemáticas e os dobres graos en Matemáticas e Física e en Enxeñaría Informática e Matemáticas.

Desde a coordinación de cada curso convocouse unha reunión ou leváronse a cabo análises, con todas/os as/os docentes, para facer as pertinentes reflexións dos datos compartidos e propoñer accións de mellora no caso de presentarse taxas ou resultados moi diferentes ás medias. As súas reflexións conforman os Informes de Seguimento correspondentes.

Queremos deixar constancia do labor realizado nos cursos 2017-18, 2018-19 e 2019-20 polos bolseiros e bolseiras asignados/as pola Área de Calidade e mellora dos procedementos á Facultade. As súas achegas melloraron o tratamento visual dos datos relativos ás taxas e á elaboración dos informes, suxestións que tratamos de manter tamén no curso actual.

A continuación, presentamos as taxas por cursos e materias. Como é ben coñecido, para as taxas os datos dos dobres graos son calculados segregados dos graos.

## Primeiro curso

Primeiro curso Grao de Matemáticas	Taxa de éxito						Taxa de rendemento						Taxa de avaliación					
	2015/16	2016/17	2017/18	2018/19	2019/20	2020/21	2015/16	2016/17	2017/18	2018/19	2019/20	2020/21	2015/16	2016/17	2017/18	2018/19	2019/20	2020/21
G1011101 - Elementos de Probabilidade e Estatística	55,04%	74,07%	87,39%	90,38%	90,35%	94,12%	50,00%	69,44%	87,39%	86,24%	88,03%	89,72%	90,85%	93,75%	100,00%	95,41%	97,44%	95,33%
G1011102 - Bioloxía Básica	81,98%	93,52%	97,96%	97,87%	100,00%	92,55%	68,42%	83,47%	92,31%	90,20%	94,69%	82,86%	83,46%	89,26%	94,23%	92,16%	94,69%	89,52%
G1011103 - Informática	68,55%	85,00%	85,22%	90,48%	91,23%	84,55%	59,86%	78,46%	84,48%	86,36%	87,39%	78,81%	87,32%	92,31%	99,14%	95,45%	95,80%	93,22%
G1011104 - Continuidade e Derivabilidade de Funcións dunha Variable Real	61,21%	86,90%	77,32%	37,62%	89,74%	62,26%	48,79%	73,68%	61,98%	29,23%	78,21%	51,16%	79,71%	84,80%	80,17%	77,69%	87,15%	82,17%
G1011105 - Introducción á Análise Matemática	66,06%	74,82%	76,52%	80,73%	82,20%	81,90%	57,37%	68,87%	72,73%	73,95%	78,86%	79,17%	86,84%	92,05%	95,04%	91,60%	95,93%	96,67%
G1011106 - Espazos Vectoriais e Cálculo Matricial	55,12%	63,27%	71,43%	74,80%	91,54%	72,16%	39,11%	53,45%	63,33%	65,25%	86,23%	60,87%	70,95%	84,48%	88,67%	87,23%	94,20%	84,35%
G1011107 - Linguaxe Matemática, Conxuntos e Números	51,52%	50,96%	71,15%	83,08%	88,79%	73,83%	43,15%	45,71%	68,10%	77,70%	83,74%	68,70%	83,76%	89,71%	95,71%	93,53%	94,31%	93,04%
G1011108 - Integración de Funcións dunha Variable Real	73,61%	68,64%	61,21%	63,79%	89,51%	72,04%	59,89%	58,70%	54,62%	52,11%	82,58%	59,82%	81,36%	85,51%	89,23%	81,69%	92,26%	83,04%
G1011109 - Química Básica	73,17%	84,62%	89,81%	85,15%	88,14%	79,09%	67,16%	79,20%	87,39%	81,13%	85,25%	76,99%	91,79%	93,60%	97,30%	95,28%	96,72%	97,35%
G1011110 - Topoloxía dos Espazos Euclidianos	65,85%	73,13%	76,99%	77,48%	94,40%	89,72%	48,50%	63,23%	64,93%	64,66%	84,89%	80,00%	73,65%	86,45%	84,33%	83,46%	89,93%	89,17%
Media por curso e taxa	65,21%	75,49%	79,50%	78,14%	90,59%	80,22%	54,23%	67,42%	73,73%	70,68%	84,99%	72,81%	82,97%	89,19%	92,38%	89,35%	93,84%	90,39%

Primeiro curso Dobre Grao en Enxeñaría Informática e Matemáticas	Taxa de éxito						Taxa de rendemento						Taxa de avaliación					
	2015/16	2016/17	2017/18	2018/19	2019/20	2020/21	2015/16	2016/17	2017/18	2018/19	2019/20	2020/21	2015/16	2016/17	2017/18	2018/19	2019/20	2020/21
G1011101 - Elementos de Probabilidade e Estatística	90,00%	91,67%	100,00%	100,00%	100,00%	100,00%	90,00%	91,67%	100,00%	100,00%	100,00%	100,00%	100,00%	100,00%	100,00%	100,00%	100,00%	100,00%
G1011104 - Continuidade e Derivabilidade de Funcións dunha Variable Real	77,78%	100,00%	80,00%	90,91%	84,62%	100,00%	70,00%	100,00%	80,00%	90,91%	84,62%	100,00%	90,00%	100,00%	100,00%	100,00%	100,00%	100,00%
G1011105 - Introducción á Análise Matemática	90,00%	91,67%	100,00%	100,00%	100,00%	100,00%	90,00%	91,67%	100,00%	100,00%	100,00%	100,00%	100,00%	100,00%	100,00%	100,00%	100,00%	100,00%
G1011106 - Espazos Vectoriais e Cálculo Matricial	77,78%	84,62%	77,78%	100,00%	100,00%	100,00%	70,00%	84,62%	77,78%	100,00%	100,00%	100,00%	90,00%	100,00%	100,00%	100,00%	100,00%	100,00%
G1011107 - Linguaxe Matemática, Conxuntos e Números	90,00%	100,00%	100,00%	100,00%	100,00%	100,00%	90,00%	100,00%	100,00%	100,00%	100,00%	100,00%	100,00%	100,00%	100,00%	100,00%	100,00%	100,00%
G1011108 - Integración de Funcións dunha Variable Real	88,89%	91,67%	88,89%	100,00%	91,67%	100,00%	80,00%	91,67%	88,89%	100,00%	91,67%	100,00%	90,00%	100,00%	100,00%	100,00%	100,00%	100,00%
G1011110 - Topoloxía dos Espazos Euclidianos	77,78%	91,67%	90,00%	100,00%	100,00%	100,00%	70,00%	84,62%	90,00%	100,00%	100,00%	100,00%	90,00%	92,31%	100,00%	100,00%	100,00%	100,00%
G4011104 - Sistemas Dixitais	100,00%	100,00%	100,00%	100,00%	100,00%		100,00%	100,00%	100,00%	100,00%	100,00%		100,00%	100,00%	100,00%	100,00%	100,00%	
G4011105 - Programación I	100,00%	100,00%	100,00%	100,00%	100,00%		100,00%	100,00%	100,00%	100,00%	100,00%		100,00%	100,00%	100,00%	100,00%	100,00%	
G4011106 - Fundamentos Tecnolóxicos e Físicos da Informática	81,82%	100,00%	100,00%	100,00%	83,33%		81,82%	90,91%	100,00%	100,00%	83,33%		100,00%	90,91%	100,00%	100,00%	100,00%	100,00%
G4011109 - Programación II	100,00%	100,00%	90,00%	100,00%	100,00%		90,91%	90,91%	90,00%	100,00%	91,67%		90,91%	90,91%	100,00%	100,00%	91,67%	100,00%
Media por curso e taxa	88,55%	95,57%	93,33%	99,17%	96,33%	100,00%	84,79%	93,28%	93,33%	99,17%	95,57%	100,00%	95,54%	97,65%	100,00%	100,00%	99,24%	100,00%

Primeiro curso Dobre Grao en Matemáticas e Física	Taxa de éxito						Taxa de rendemento						Taxa de avaliación					
	2015/16	2016/17	2017/18	2018/19	2019/20	2020/21	2015/16	2016/17	2017/18	2018/19	2019/20	2020/21	2015/16	2016/17	2017/18	2018/19	2019/20	2020/21
G1011101 - Elementos de Probabilidade e Estatística	100,00%	100,00%	100,00%	100,00%	100,00%	100,00%	100,00%	100,00%	100,00%	100,00%	100,00%	100,00%	100,00%	100,00%	100,00%	100,00%	100,00%	100,00%
G1011103 - Informática	100,00%	100,00%	100,00%	100,00%	100,00%	100,00%	100,00%	100,00%	100,00%	100,00%	100,00%	100,00%	100,00%	100,00%	100,00%	100,00%	100,00%	100,00%
G1011104 - Continuidade e Derivabilidade de Funcións dunha Variable Real	100,00%	100,00%	100,00%	100,00%	100,00%	90,91%	100,00%	100,00%	100,00%	88,89%	100,00%	90,91%	100,00%	100,00%	100,00%	88,89%	100,00%	100,00%
G1011105 - Introducción á Análise Matemática	100,00%	100,00%	100,00%	100,00%	100,00%	90,91%	100,00%	100,00%	100,00%	100,00%	100,00%	90,91%	100,00%	100,00%	100,00%	100,00%	100,00%	100,00%
G1011106 - Espazos Vectoriais e Cálculo Matricial	100,00%	100,00%	100,00%	88,89%	90,91%	91,67%	100,00%	100,00%	100,00%	88,89%	90,91%	91,67%	100,00%	100,00%	100,00%	100,00%	100,00%	100,00%
G1011107 - Linguaxe Matemática, Conxuntos e Números	100,00%	100,00%	100,00%	100,00%	100,00%	100,00%	100,00%	100,00%	100,00%	100,00%	100,00%	100,00%	100,00%	100,00%	100,00%	100,00%	100,00%	100,00%
G1011108 - Integración de Funcións dunha Variable Real	100,00%	100,00%	100,00%	88,89%	100,00%	90,91%	100,00%	100,00%	100,00%	88,89%	100,00%	90,91%	100,00%	100,00%	100,00%	100,00%	100,00%	100,00%
G1011110 - Topoloxía dos Espazos Euclidianos	100,00%	100,00%	100,00%	100,00%	100,00%	90,91%	100,00%	100,00%	100,00%	100,00%	100,00%	90,91%	100,00%	100,00%	100,00%	100,00%	100,00%	100,00%
G1031101 - Física Xeral I	100,00%	100,00%	100,00%	100,00%	100,00%	100,00%	100,00%	100,00%	100,00%	100,00%	100,00%	100,00%	100,00%	100,00%	100,00%	100,00%	100,00%	100,00%
G1031106 - Física Xeral II	90,91%	100,00%	100,00%	100,00%	100,00%	100,00%	90,91%	100,00%	100,00%	100,00%	100,00%	100,00%	100,00%	100,00%	100,00%	100,00%	100,00%	100,00%
G1031110 - Técnicas Experimentais I	90,91%	100,00%	100,00%	100,00%	100,00%	90,91%	90,91%	100,00%	100,00%	100,00%	100,00%	90,91%	100,00%	100,00%	100,00%	100,00%	100,00%	100,00%
Media por curso e taxa	98,35%	100,00%	100,00%	97,98%	99,17%	95,11%	98,35%	100,00%	100,00%	96,97%	99,17%	95,11%	100,00%	100,00%	100,00%	98,99%	100,00%	100,00%

No documento das cualificacións do DGMF, [7000609\\_INF15\\_2020-2021.pdf](#), pode apreciarse como o número de matrículas de honra é superior ao 5% que se lles podería outorgar se fose unha titulación singular. Tamén é importante salientar un repunte na porcentaxe de matrículas de honra con respecto ao curso anterior, a pesares do incremento da media no perfil de entrada do Grao en Matemáticas e tamén do Dobre Grao en Enxeñaría Informática e Matemáticas.

### Valoracións xerais da comisión de primeiro curso para 2020-21

En liñas xerais, o curso desenvolveuse con toda a normalidade permitida polo Covid-19. Esta circunstancia afectou a diversos aspectos organizativos, tanto relativos á coordinación do curso como á docencia.

- Polo que respecta á coordinación do curso, as restricións de distanciamento mostraron a conveniencia de que as reunións de coordinación fosen telemáticas. Tendo en conta, ademais, que a recomendación da Facultade sobre as titorías en grupos reducidos (TGR) foi que estas se realizasen de xeito telemático, estimouse máis conveniente e operativo que fose o propio profesorado de cada materia quen fixase as horas das TGR que mellor se adaptasen ás súas necesidades. Por este motivo, e tamén co obxectivo de evitar interferencias entre as actividades das diferentes materias, a coordinadora do curso optou pola elaboración dun calendario interactivo de actividades (posto a disposición do profesorado no grupo de MS Teams de coordinación do curso) no que, ademais das TGR, o profesorado puidese deixar constancia das datas das principais actividades de avaliación (probos parciais; entregas de traballos de certa entidade, etcétera, así como facer os comentarios ou observacións que se considerasen pertinentes), para facilitar que, en todo momento, todo o profesorado tivese accesible esa información.
- En canto á docencia, dependendo das circunstancias, esta desenvolveuse nas modalidades “non presencial” e “presencial”, véndose esta última afectada polas restricións de distanciamento. A docencia non presencial desenvolveuse, principalmente, a través da plataforma MS Teams, en distintos lugares e con diferentes variantes (clases en directo, gravadas ou non, nunha aula, ben baleira ou ben cunha mínima presenza de estudantes; clases emitidas en directo desde outros lugares (despachos, ...), gravadas ou non; clases pregravadas que logo se revisaban no horario das mesmas a través do MS Teams, etcétera), sendo tamén diversos os graos de satisfacción do profesorado co método empregado nas aulas. Así, mentres varios docentes consideran satisfactorio o método empregado nas súas aulas, algún outro considera que o método utilizado foi un “fracaso”.
- En canto ás modalidades da avaliación, as cualificacións dos exames finais complementáronse, basicamente, de dúas formas, ás veces combinadas: ben mediante probos intermedias ou ben mediante a realización de traballos (sendo grupal, a lo menos, un dos traballos realizados no curso). Incluso algúns/nhas estudantes tiveron a oportunidade de escoller, a través dun formulario, a modalidade de avaliación que preferían.

- En relación cos resultados do curso, cabe dicir que, debido ás diferentes circunstancias nas que se desenvolveron os últimos cursos, resulta moi difícil (e, se cadra, improcedente) facer unha valoración comparativa dos resultados dos mesmos. Non obstante, a observación das táboas que conteñen a información sobre as distintas taxas acadadas nos últimos anos, suxire algunha posible lectura deses resultados.

En concreto, chaman a atención os seguintes feitos:

1) As taxas das materias impartidas no primeiro cuadrimestre manteñen, a grandes rasgos, unha mesma liña nos resultados, con independencia da presencialidade ou non na docencia do último curso. Recordemos que estas materias non se viron afectadas polo confinamento padecido no curso 2019-2020, de xeito que tanto os exames da primeira oportunidade desas materias como o resto da avaliación das mesmas, o mesmo que a docencia, puideron realizarse, sempre, de modo presencial.

2) Se observamos as taxas das materias impartidas no segundo cuadrimestre, apreciamos que, agás a materia de Bioloxía, que, tradicionalmente, adoita ter unas altas taxas de rendemento e éxito, o resto das materias deste cuadrimestre experimentaron un importante aumento das taxas de rendemento e de éxito no curso 2019-20. Cabe dicir agora que estas materias foron as máis afectadas polo estado de alarma e o conseguinte confinamento, o que obrigou a que o exame da primeira oportunidade (e tamén o da segunda) así como a meirande parte da avaliación desas materias tivese que realizarse telematicamente, o mesmo que a docencia. No pasado curso 2020-21, as taxas destas materias volveron a acadar valores “máis normais” nas mesmas, coincidindo coa volta á avaliación presencial.

Dos feitos sinalados, é razoable pensar que non é tan influínte nas taxas o feito de que a docencia se realice ou non de maneira presencial (como suxiren as taxas das materias do primeiro cuadrimestre) senón que un dos principais causantes (se cadra, o principal) podería ser o feito de que a avaliación se realice ou non a distancia.

- Para finalizar, sinalamos algúns inconvenientes ou circunstancias indicadas polo profesorado que, se cadra, poderían dar lugar a algunha acción de mellora.

A este respecto, a acción de mellora **AM-4 (Curso 2020-21)**, que se continuará como **AM-4 (Curso 2021-2022)**, ten como obxectivo realizar unha análise detallada das actividades de avaliación continua e os procedementos de avaliación e da súa adecuación para valorar se o alumnado acadará os resultados de aprendizaxe previstos. Dentro do desenvolvemento desta acción de mellora, en particular, propónse analizar a presenza do traballo en equipo como método de aprendizaxe dentro das diferentes materias do plan de estudos e, de modo xeral, tratarase de realizar unha reflexión sobre se a formación que se ofrece permite ao alumnado adquirir as competencias transversais cada vez máis demandadas en empresas, institucións, etc. Tamén, nesta liña, a acción de mellora **AM-3 (Curso 2020-2021)**, permitiu reflexionar sobre a necesidade de actualizar as materias optativas para aliñalas coas competencias demandadas desde o ámbito profesional, chegando a facer unha proposta (aprobada pola Xunta de Facultade) que aínda non puido ser materializada polas restricións normativas para os títulos, polo que se estende a acción á **AM-3 (Curso 2021-2022)**. Malia todo, destacamos o dato positivo da satisfacción das/os empregadoras/es e empresas receptoras de alumnado en prácticas coas/os egresadas/os e estudantes, o que apunta que se traballa na dirección correcta.

### DIMENSIÓN 3. RESULTADOS

#### CRITERIO 7. INDICADORES DE SATISFACCIÓN E RENDEMENTO:

**Estándar:** Os resultados dos indicadores do programa formativo son congruentes co deseño, a xestión e os recursos postos a disposición do título e satisfán as demandas sociais da súa contorna.

Analizar os principais datos e resultados do título e valorar a evolución dun núcleo de indicadores mínimo. Comprobar se os resultados se adecúan ás previsións e características do título.

#### 7.1.- Os principais datos e indicadores do título evolucionan favorablemente de acordo coas características do título.


Aspectos a valorar:

- Indicadores de demanda.
- Indicadores de resultados.
- Os indicadores téñense en conta para a mellora e revisión do plan de estudos.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Código	<b>IN37G</b>
Nome	<b>Taxa de graduación</b>
Procedemento de Cálculo	Relación porcentual entre os estudantes que finalizaron os estudos no tempo previsto no plan de estudos ou nun ano académico máis e a súa cohorte de ingreso.

	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21
<b>Total (%)</b>	<b>30,77</b>	<b>32,69</b>	<b>25,47</b>	<b>25,41</b>	<b>37,07</b>	<b>57,28</b>
<b>Media Área de Ciencias</b>	<b>35,01</b>	<b>35,43</b>	<b>34,48</b>	<b>35,93</b>	-----	
<b>Media USC</b>	<b>54,99</b>	<b>56,37</b>	<b>57,97</b>	<b>58,23</b>	-----	




A proposta de taxa de graduación na MVT é do 33%. O curso 2019-20 foi o primeiro no que se superou a porcentaxe especificada na MVT, tendencia que se confirma no curso 2020-21 de xeito moi marcado (chegando a un 57,28%). En informes de seguimento anteriores, fixemos

a hipótese de que se acadaría esta porcentaxe atendendo ao efecto do incremento das notas de corte nos cursos seguintes, como evidencian os datos. Asemade, estamos detectando que hai TFGs que se demoran na lectura polo importante incremento do emprego nos traballos con intensificación en Matemáticas e que non requiren estar en posesión do título. Nos últimos anos, estase a observar un aumento notable no número de TFGs defendidos, pasando de 52 no curso 2018-19 e 85 no curso 2019-20 a 124 no curso 2020-21. O substancial incremento de matrícula en TFGs no curso 2020-21, chegando a 168, correspóndese con alumnado non titulado nos cursos anteriores que non abandonou.

No *“Informe Final de Evaluación para la Renovación de la Acreditación” (10/06/2021)*, á vista dos datos, recoméndase definir medidas que melloren os valores da taxa de graduación ante a substancial mellora na nota media de acceso por parte das/os estudantes de novo ingreso. En contraposición, destácase que os indicadores de demanda son crecentes e os valores que acadan os indicadores de resultados xunto coas taxas de éxito e de avaliación amosan unha evolución favorable, e que a evolución temporal destes indicadores de rendemento académico é tida en consideración para a análise e revisión das metodoloxías docentes e dos sistemas de avaliación.

Código	<b>IN53G</b>
Nome	<b>Taxa de eficiencia (rendemento das/os egresadas/os)</b>
Procedemento de Cálculo	Relación porcentual entre o número total de créditos que superou un/unha estudante ao longo da titulación na que egresou e o número total de créditos nos que se matriculou.


	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21
<b>Total (%)</b>	<b>78,14</b>	<b>74,25</b>	<b>76,61</b>	<b>82,22</b>	<b>81,16</b>	<b>81,14</b>



A taxa de eficiencia dos/as titulados/as estimábase na MVT nun 70%, vemos que se consolida a tendencia crecente, e que todos os resultados son superiores aos estimados.


Código	<b>IN41G</b>
Nome	<b>Taxa de abandono RD 1393/2007</b>
Procedemento de Cálculo	Relación porcentual entre as/os estudantes dunha cohorte de novo ingreso que deberon obter o título no ano académico anterior e que non se matricularon nin nese curso académico nin no anterior.

	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21
<b>Total (%)</b>	<b>48,46</b>	<b>31,73</b>	<b>50,00</b>	<b>49,18</b>	<b>29,31</b>	<b>22,33</b>
<b>Media Área de Ciencias</b>	<b>39,64</b>	<b>33,75</b>	<b>34,48</b>	<b>32,93</b>	-----	
<b>Media USC</b>	<b>23,19</b>	<b>22,72</b>	<b>22,70</b>	<b>22,10</b>	-----	



Código	<b>IN40G</b>
Nome	<b>Taxa de abandono durante o primeiro curso</b>
Procedemento de Cálculo	Relación porcentual entre as/os estudantes dunha cohorte de ingreso matriculados no título no curso académico X, que non se matricularon nos cursos X+1 e X+2, e o número total de estudantes desa cohorte de entrada que accederon no curso académico X.

	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21
<b>Total (%)</b>	<b>33,96</b>	<b>31,15</b>	<b>20,69</b>	<b>13,59</b>	<b>13,40</b>	<b>17,35</b>
Media Área de Ciencias	22,84	19,16	18,80	15,76	-----	
Media USC	14,98	14,52	16,02	15,88	-----	



A taxa de abandono prevista na MVT era do 40%. Igual que acontece coa de graduación, no informe de seguimento do curso 2018-19 salientamos que presentaba uns resultados que requirían unha análise, pois acadar un 49,18% non era satisfactorio. O dato do curso 2019-20, 29,31%, supuxo unha satisfactoria baixada de 20 puntos na que se cumpriu a previsión da MVT. A hipótese feita no informe de seguimento do curso anterior era que mellorase, sen saber que sería tanto. No curso 2020-21, apréciase unha nova diminución da taxa de abandono, chegando a 22,33%. A prudencia chama a agardar aos datos futuros, entendendo a singularidade producida durante o curso 2019-20 nos diferentes cursos do Grao, mais valoramos o cambio de tendencia que xa anticipabamos polos resultados dos primeiros cursos.


As taxas de abandono teñen sido obxecto asemade de estudos por parte de Conferencia de Decanas e Decanos e Directores de Departamento de Matemáticas, como foi o caso da xuntanza de abril de 2019. O valor da taxa de abandono durante o primeiro curso ofrece tamén un indicador do cambio de tendencia, pois experimentou nos últimos cursos unha importante redución, mais no curso 2020-21 presenta un lixeiro repunte. Agardamos que no futuro se establezca a tendencia cara valores máis baixos.



Non procede calcular estas taxas en ningún dos dous dobres graos no curso 2020-21. No apartado 1.1, fíxose unha análise das/os estudantes que continuaron coa simultaneidade de estudos.

Código	<b>IN38G</b>
Nome	<b>Duración media dos estudos</b>
Procedemento de Cálculo	Duración media (en anos) na que as/os estudantes tardan en superar os créditos correspondentes ao plan de estudos. Amosa información sobre o grao de eficacia do alumnado e da institución con relación á súa actividade académica.

	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21
<b>Total</b>	<b>5,33</b>	<b>5,68</b>	<b>5,49</b>	<b>5,04</b>	<b>5,03</b>	<b>5,19</b>
<b>Media Área de Ciencias</b>	<b>5,05</b>	<b>5,17</b>	<b>5,14</b>	<b>5,26</b>	-----	-----
<b>Media USC</b>	<b>4,82</b>	<b>4,97</b>	<b>4,98</b>	<b>5,06</b>	-----	-----



A duración media dos estudos estabilízase en 5 anos e, no curso 2018-19, sitúase baixo a media da USC e da Área de Ciencias, pero hai que dispor de máis datos para confirmar esta tendencia.

O curso 2019-20 foi singular pola COVID-19, e as normativas deseñadas pola USC supuxeron cambios respecto da MVT, que foron incluídos nas guías das materias. Algúns destes cambios, en particular, aqueles que afectan á forma de aplicar a avaliación continua, mantéñense tamén para o curso 2020-21.

No *"Informe Final de Evaluación para la Renovación de la Acreditación"* (10/06/2021), estímase como elevadas a taxa de abandono e a duración media. En relación á taxa de abandono, nos cursos 2017-18 e 2018-19, situouse nun 50% e nun 49,18%, respectivamente, moi superior á media da USC e á media da área de Ciencias da USC. Aínda que se aprecia unha tendencia positiva no curso 2019-20 (29,3%) recomandan realizar unha análise deste aspecto, que consideran relevante, tratándose dunha titulación con altos valores de demanda e de estudantes admitidas/os en primeira opción, cunha nota media no seu acceso que foi incrementándose e cunha matrícula de novo ingreso moi axeitada (110 estudantes). Tamén inciden na elevada duración media dos estudos, que se estabiliza en 5 anos nos cursos 2018-19 e 2019-20, pero que se situaba nuns 5,7 anos no curso 2016-17. Ademais, a Comisión de renovación da acreditación recomenda prestar unha atención coordinada ao desenvolvemento das diferentes accións de mellora propostas que se refiren ao desenvolvemento de metodoloxías, coordinación horizontal e vertical de contidos e adquisición de competencias transversais coa finalidade de definir mecanismos concretos de mellora da eficacia do título e, en especial, das súas taxas de graduación e abandono e da duración media.

As accións **AM-2 (Curso 2020-21)**, relativa á mellora na coordinación dos contidos da titulación por áreas de coñecemento para equilibrar a carga de traballo asignada a cada curso, e **AM-4 (Curso 2020-2021)**, que trae consigo unha análise das actividades de avaliación continua e dos procedementos de avaliación das materias do título, ambas prorrogadas como **AM-2 (Curso 2021-2022)** e **AM-4 (Curso 2021-2022)**, respectivamente, poderán dar lugar á adopción de medidas que redunden directamente nunha mellora na taxa de graduación do título. Aplicadas no seu conxunto, as medidas de orientación ao alumnado e as melloras na coordinación e adecuación dos procesos de avaliación poderán favorecer que se establezca a tendencia á alza da taxa de graduación, que dende o curso 2019-2020 supera a porcentaxe proposta na MVT.

Malia todo, incluíuse a acción de mellora **AM-9 (Curso 2020-2021)**, que se estende a **AM-9 (Curso 2021-2022)** e recolle especificamente a realización dun seguimento da taxa de graduación do título e un estudo da evolución da taxa de abandono e da duración media dos estudos, analizando os motivos do abandono a través dunha enquisa elaborada especificamente a tal efecto. Nos últimos cursos, ambos indicadores amosan unha tendencia positiva e, aínda que sería desexable que fosen inferiores, resultan similares aos que se rexistran nos Graos en Matemáticas impartidos noutras Universidades estatais. Ademais, durante os últimos cursos, a alta demanda dos estudos en Matemáticas provocou que as notas de acceso sexan cada vez máis elevadas, chegando a un 12,090 no curso 2020-21, polo que é razoable que, cando as taxas de abandono e duración de estudos se calculen tendo en consideración o desempeño das/os estudantes actuais, estas previsiblemente amosarán unha diminución aínda sen establecer novas medidas adicionais, as cales serán valoradas e postas en marcha.

## 7.2.- Os índices de satisfacción dos estudantes, do profesorado, dos egresados e doutros grupos de interese son adecuados.

Aspectos a valorar:

- Indicadores de satisfacción co persoal académico, persoal de apoio, recursos, prácticas externas, proceso formativo, mobilidade, etc.
- Os indicadores de satisfacción téñense en conta para a mellora e revisión do plan de estudos.

### Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Os indicadores considerados no informe de indicadores [2500172\\_Informe\\_de\\_indicadores\\_2020\\_21.pdf](#) son:

- IN15G-Satisfacción das/os estudantes saíntes cos programas de mobilidade
- IN19G-Satisfacción das/os estudantes coas prácticas externas
- IN20G-Satisfacción das/os titoras/es profesionais coas prácticas externas
- IN21G-Satisfacción das/os titoras/es académicos coas prácticas externas
- IN42G-Grao de satisfacción xeral das/os egresadas/os coa titulación
- IN46G-Satisfacción do alumnado coa docencia recibida
- IN47G-Satisfacción do profesorado coa docencia impartida
- IN48G-Taxa de resposta na enquisa de satisfacción do alumnado coa docencia recibida
- IN50G-Taxa de éxito das/os egresadas/os
- IN51G-Taxa de idoneidade na graduación
- IN53G-Taxa de eficiencia (rendemento das/os egresadas/os)

Consideramos positivo o incremento de participación do alumnado. A taxa de resposta na enquisa de satisfacción do alumnado coa docencia recibida nos distintos títulos é:

Código	<b>IN48G</b>
Nome	<b>Taxa de resposta na enquisa de satisfacción do alumnado coa docencia recibida</b>
Procedemento de Cálculo	Porcentaxe de resposta na enquisa de satisfacción por parte do alumnado. Permite analizar o peso relativo da valoración acadada no indicador IN46.

DG EIM	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21
<b>Total (%)</b>	<b>54,55</b>	<b>83,33</b>	<b>65,22</b>	<b>82,76</b>	<b>71,05</b>	<b>82,35</b>

DG MF	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21
<b>Total (%)</b>	<b>90,91</b>	<b>89,47</b>	<b>96,00</b>	<b>74,19</b>	<b>52,38</b>	<b>39,58</b>

Grao Matemáticas	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21
<b>Total (%)</b>	<b>37,53</b>	<b>49,57</b>	<b>58,09</b>	<b>48,83</b>	<b>55,24</b>	<b>47,80</b>

No Grao en Matemáticas e no dobre grao en Enxeñaría Informática e Matemáticas oscila a taxa de resposta, mais no dobre grao en Matemáticas e Física sofre unha diminución nos últimos cursos. Consideramos importante seguir motivando a participación.

As taxas de satisfacción coa docencia recibida (**IN46G**) no Grao en Matemáticas amosan unha tendencia crecente ao longo dos anos, cun valor de 4 sobre 5 no curso 2020-21. No dobre grao en Enxeñaría Informática e Matemáticas, é moi similar, con 3,99 de puntuación, experimentando unha diminución con respecto ao curso anterior. Mentres tanto, no dobre grao en Matemáticas e Física, estabiliza nun valor de 4,11.

Código	<b>IN46G</b>
Nome	<b>Satisfacción do alumnado coa docencia recibida</b>
Procedemento de Cálculo	Valoración media da enquisa de satisfacción do alumnado coa docencia recibida. Permite coñecer a opinión dese grupo de interese sobre a docencia que reciben.

DG EIM	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21
<b>Total</b>	<b>3,87</b>	<b>3,70</b>	<b>3,91</b>	<b>4,09</b>	<b>4,21</b>	<b>3,99</b>

DG MF	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21
<b>Total</b>	<b>3,86</b>	<b>4,08</b>	<b>4,01</b>	<b>4,21</b>	<b>4,10</b>	<b>4,11</b>

Grao Matemáticas	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21
<b>Total</b>	<b>3,76</b>	<b>3,79</b>	<b>3,85</b>	<b>3,85</b>	<b>3,84</b>	<b>4,00</b>

Mediante [2500172\\_INF.14\\_2020\\_2021.pdf](#) “Informe da enquisa do profesorado coa docencia impartida”, podemos consultar a participación do profesorado en dita enquisa. A continuación, amosamos un resumo dos datos correspondentes aos últimos cursos:

Código	<b>IN47G</b>
Nome	<b>Satisfacción do profesorado coa docencia impartida</b>
Procedemento de Cálculo	Valoración media da enquisa de satisfacción do profesorado coa docencia impartida. Permite coñecer a opinión dese grupo de interese sobre a docencia que imparten.

DG EIM	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21
<b>Total</b>	<b>-</b>	<b>3,83</b>	<b>4,05</b>	<b>4,25</b>	<b>4,14</b>	<b>4,26</b>

DG MF	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21
<b>Total</b>	<b>-</b>	<b>3,86</b>	<b>3,99</b>	<b>4,20</b>	<b>4,07</b>	<b>4,09</b>

Grao Matemáticas	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21
<b>Total</b>	<b>4,04</b>	<b>4,06</b>	<b>4,11</b>	<b>4,30</b>	<b>4,16</b>	<b>4,21</b>

O “*Informe Final de Evaluación para la Renovación de la Acreditación*” (10/06/2021) destaca que a satisfacción do alumnado co proceso formativo é, en termos xerais, alta e fan referencia ás accións postas en marcha polo Centro para incrementar a porcentaxe de participación das/os estudantes nas enquisas. Ademais, valoran a adecuada análise contida no informe sobre os ítems onde a satisfacción é máis baixa.

### 7.3.- Os valores de inserción laboral dos egresados do título son adecuados ao contexto socio-económico e profesional do título.

Aspectos a valorar:

- Análise dos históricos de resultados existentes nos estudos realizados sobre inserción laboral do título.
- Adecuación da evolución dos indicadores de inserción laboral en función das características do título.
- Os indicadores de inserción laboral téñense en conta para a mellora e revisión do plan de estudos.

### Reflexión/comentarios que xustificuen a valoración:

No curso académico 2017-18, realizouse un estudo de egresadas/os de todos os títulos do Centro e, nomeadamente, do Grao en Matemáticas. Financiada dentro das Accións lideradas polo Instituto de Matemáticas da USC, o IMAT, esta acción permitiu unha análise do perfil de egreso e da satisfacción, contando cun alto grao de participación dos egresadas/os.

[https://www.usc.gal/export9/sites/webinstitucional/gl/centros/matematicas/descargas/IMAT/ENQUISA\\_EGRESADOS\\_MATEMATICAS.pdf](https://www.usc.gal/export9/sites/webinstitucional/gl/centros/matematicas/descargas/IMAT/ENQUISA_EGRESADOS_MATEMATICAS.pdf)

Como se indica no mesmo, a porcentaxe de mulleres na entrada no curso 2015-16 é do 45% e a porcentaxe de egresadas é do 54%, dato que case é coincidente coa Enquisa de inserción laboral de tituladas/os universitarias/os de 2014 (INE), onde as mulleres tituladas en Matemáticas supuñan un 55% do total. A media de idade coa que o alumnado de Matemáticas obtén a titulación é de 23 anos, a idade máxima rexistrada é de 34 anos, e a idade mínima de 21 anos, xa que no curso 2016-17 un egresado obtivo a titulación en 3,5 anos.

A presentación pública dos resultados do estudo fíxose o 9 maio de 2018, coa participación do director do IMAT e o Secretario Xeral de Universidades da Xunta de Galicia:



A presentación cos datos máis destacados está dispoñible en:

[https://www.usc.es/export9/sites/webinstitucional/gl/institutos/matematicas/descargas/Presentacion\\_Enquisa\\_VF.pdf](https://www.usc.es/export9/sites/webinstitucional/gl/institutos/matematicas/descargas/Presentacion_Enquisa_VF.pdf)

Nesta táboa, precísanse as egresadas e egresados para o Grao en Matemáticas nos seis últimos cursos:

Egresadas/os	2015/2016		2016/2017		2017/2018		2018/2019		2019/2020		2020/21	
	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%
Muller	32	60,38	33	50,77	33	58,92	25	48,08	39	45,88	49	39,52
Home	21	39,62	32	49,23	23	41,07	27	51,92	46	54,12	75	60,48
Total	53	100	65	100	56	100	52	100	85	100	124	100

Asemade, convidouse a todas/os as/os estudantes egresadas/os do Centro a participar no informe realizado conxuntamente pola Conferencia de Decanas e Decanos e Directores de Departamento de Matemáticas e a Comisión Profesional da Real Sociedade Matemática Española sobre empregabilidade e satisfacción dos estudos de Matemáticas. O informe foi presentado na Xuntanza da Comisión de abril de 2019. O informe forma parte do Libro Branco de Matemáticas presentado o 22 de outubro de 2020: <https://www.fundacionareces.es/fundacionareces/es/publicaciones/libro-blanco-de-las-matematicas.html>.

#### SALIDAS PROFESIONALES DE LAS MATEMÁTICAS:

<https://www.fundacionareces.es/recursos/doc/portal/2020/10/14/salidas-profesionales-de-las-matematicas.pdf>

O “*Informe Final de Evaluación para la Renovación de la Acreditación*” (10/06/2021) cualifica como excelente a inserción laboral das/os egresadas/os do título. En concreto, destaca o dato de que máis da metade das/os consultadas/os atopa un emprego entre 2-6 meses despois de finalizar os seus estudos e que case un 90% o atopa nun posto relacionado coas Matemáticas.

<b>3.MODIFICACIONES DO PLAN DE ESTUDOS</b>	
<b>MODIFICACIÓN</b>	<b>XUSTIFICACIÓN</b>

4. LISTAXE DE EVIDENCIAS E INDICADORES			
Critérios	Nº	Evidencia / Indicador	Documento/enlace
Todos	E1	Memoria Vixente do título	ACSUG
Todos	E2	Informes de verificación, modificación, seguimento incluíndo os plans de mellora	ACSUG
1	E3	Análise do perfil real de ingreso/egreso	Autoinforme, Criterio 1
1,6	E4	Guías docentes das materias (competencias, actividades formativas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación, resultados de aprendizaxe)	<a href="#">Web do Título</a>
1,3	E5	Actas das reunións celebradas, polo menos dos dous últimos cursos, da Comisión Académica/Comisión de Titulación/Comisión de Garantía de Calidade (as actas deben incorporar un apartado con acordos adoptados en cada reunión)	Enlace web ou PDF
1	E6	Listaxe de estudantes que solicitaron recoñecemento de créditos	Enlace web ou PDF(a facer pola UAXCD)
1,6	E8	Informes/documentos onde se recollan as conclusións dos procedementos de consulta internos e externos para valorar a relevancia e actualización do perfil de egreso dos estudantes do título/valoración adquisición resultados da aprendizaxe	Autoinforme, Criterios 1 e 6
1,7	I1	Número de estudantes de novo ingreso por curso académico	2500172_P.Ind_2020-2021
			2500172_INF.16_2020-2021
			2500172_INF.CiUG_2020-2021
1	I2	No caso de máster, número de estudantes de novo ingreso por titulación de procedencia	--
1	I3	Indicadores de mobilidade (Número e porcentaxe de estudantes que participan en programas de mobilidade sobre o total de estudantes matriculados)	2500172_P.Ind_2020-2021
			5060_INF.03_2020-2021
2	E9	Páxina web da universidade/centro/título (debe ter como mínimo a información referida "Información mínima pública*")	<a href="#">Web da USC</a>
			<a href="#">Web do Centro</a>
			<a href="#">Web do Título</a>



3	E10	Documentación do SGC (política e obxectivos de calidade, manual e procedementos)	<a href="#">Web do Centro</a>
3	E11	Evidencias da implantación dos procedementos do SGC( procedementos completos, revisados e actualizados que desenvolvan as directrices do SGC:Política de calidade,Deseño revisión periódica e melloras dos programas formativos, garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no estudante, Garantía e mellora da calidade dos recursos humanos, garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos e información Pública)	<a href="#">Web do Centro</a>
3,7	E12	Plans de mellora derivados da implantación do SGC	<a href="#">Web do Centro</a>
3,7	E13	Análise das enquisas de satisfacción (%participación, resultados, evolución,...)	Autoinforme, Criterios 3 e 7 Actas o informes
Todos	14	Resultados das enquisas de satisfacción de todos os grupos de interese do título	2500172_P.Ind_2020-2021
			2500172_INF.04_2020-2021
			5060_INF.05_2020-2021
			2500172_INF.06_2020-2021
			2500172_INF.07_2020-2021
			2500172_INF.08_2020-2021
			2500172_INF.09_2020-2021
			5060_INF.10_2020-2021
			5060_INF.11_2020-2021
			2500172_INF.13_2020-2021
			2500172_INF.14_2020-2021
			5060_INF.21_2020-2021
			2500172_INF.22_2020-2021
			2500172_INF.23_2020-2021
2500172_Informe_de_indicadores_2020-2021			
3	15	Resultados dos indicadores que integran o SGC	2500172_P.Ind_2020-2021
			2500172_Informe_de_indicadores_2020-2021

4	E15	Plan de Ordenación Docente: información sobre o profesorado (número, experiencia docente e investigadora, categoría, materias que imparte, área, etc)	2500172_E15_2020-2021
4	E16	Información sobre o persoal de apoio por Centro (número e cargo/posto desempeñado)	5060_E16_2020-2021
4	E17	Análise das enquisas de avaliación da docencia (% participación, resultados, evolución, ... )	Autoinforme, Criterio 4 Actas e informes
4	I6	Porcentaxe de participación do profesorado do título en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas	5060_I6-I7_2020-2021
4	I7	Porcentaxe de participación do PAS do centro en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas	5060_I6-I7_2020-2021
4	I8	Resultados das enquisas de avaliación da docencia (%participación, resultados, evolución,... )	2500172_INF.13_2020-2021
			2500172_INF.14_2020-2021
4	I10	Indicadores de mobilidade (número e porcentaxe de profesores que participan en programas de mobilidade sobre o total de profesorado do título)	5060_I10_2020-2021
5	E18	Información sobre os recursos materiais directamente relacionados co título	<a href="#">Web do Centro</a>
5	E19	Información sobre servizos de orientación académica e programas de acollida	<a href="#">Web do Centro</a>
5	E20	Listaxe dos centros/entidades para a realización de prácticas externas curriculares ou extracurriculares	Enlace web ou PDF
5	I11	Distribución alumnado por centros de prácticas	Enlace web ou PDF
5	E22	Materiais didácticos e/o tecnolóxicos que permitan unha aprendizaxe a distancia	<a href="#">Campus Virtual</a>
6	E24	Listaxe de traballos fin de grao/máster de, al menos, os últimos cursos académicos (título, titor y calificación)	Enlace web ou PDF
6	E25	Informes/listaxe das calificacións de cada unha das materias do título	2500172_INF.15_2020-2021
6	E26	Mecanismos utilizados para a análise da adquisición dos resultados de aprendizaxe	Autoinforme, Criterio 6 Actas o informes
7	E30	Informe/documento onde se recollan os resultados do título	Autoinforme, Criterio 7 Actas o informes

		(incluídos indicadores inserción laboral e SIIU)	
6,7	I12	Indicadores de resultados (estas taxas facilitaranse de forma global para o título. As taxas de rendemento, éxito e avaliación facilitaranse tamen por materia): - Taxa de graduación - Taxa de abandono - Taxa de eficiencia - Taxa de rendimient - Taxa de éxito - Taxa de avaliación	2500172_P.Ind_2020-2021
			2500172_INF.17_2020-2021
			2500172_INF.18_2020-2021
			2500172_INF.19_2020-2021
			2500172_INF_SIIU_2020-2021
			2500172_Informe_de_indicadores_2020-2021
7	I13	Relación da oferta/demanda das prazas de novo ingreso	2500172_P.Ind_2020-2021
			2500172_INF.CiUG_2020-2021
			2500172_Informe_de_indicadores_2020-2021
7	I14	Resultados de inserción laboral	2500172_EIL-SIIU_2020-2021 2500172_EIL-ACSUG_2020-2021
1,4,5	I15	Media de alumnos por grupo de docencia (docencia expositiva, interactiva,...)	2500172_P.Ind_2020-2021 2500172_Informe_de_indicadores_2020-2021 2500172_MedUSC_2020-2021

## REVISIÓN DAS ACCIÓNS DE MELLORA DO INFORME DE RENOVACIÓN DA ACREDITACIÓN CURSO 2020-21

Algunhas das accións considéranse finalizadas e eficaces, mentres que, noutras, estímase necesario seguir a traballar para o curso 2021-22:

- **AM-1 (Curso 2020-2021):**

Definición/descrición proposta: Enquisa de satisfacción na xornada de benvida aos novos estudantes.

Estado: Cada curso académico realízase unha enquisa de satisfacción na xornada de benvida aos novos estudantes para coñecer o impacto de actividades como as Olimpíadas Matemáticas ou Estalmat-Galicia e a satisfacción das actividades organizadas ou xestionadas por membros do equipo docente da Facultade.

É interesante continuar a realizar este estudo coas/os novas/os estudantes de ingreso, polo que se propón renovar a acción para o curso 2021-22, tamén en relación co desenvolvemento da acción AM-8, sobre posta en marcha de medidas encamiñadas a optimizar o tránsito entre as expectativas e coñecementos do alumnado de novo ingreso no campo das Matemáticas e as metodoloxías e contidos que van atopar no Grao. Prazo de finalización: 23/12/2021.

- **AM-2 (Curso 2020-2021):**

Definición/descrición proposta: Mellorar a coordinación dos contidos da titulación por áreas de coñecemento para equilibrar a carga de traballo asignada a cada curso por área.

Estado: Realización parcial. Durante o curso 2020-21, realizouse unha revisión global dos contidos por áreas de coñecemento durante o procedemento de aprobación das guías das diferentes materias. Ademais, recomendouse ás/aos docentes ter en conta as posibles deficiencias no desenvolvemento dos programas nos cursos precedentes e, no caso do primeiro curso, en relación a contidos de segundo curso de Bacharelato, coa finalidade de reducir a diferenza de coñecementos con respecto aos recomendados. Reafirmase o compromiso de analizar os últimos informes de seguimento para seguir avanzando na correcta coordinación vertical entre materias. A acción mantense activa tamén por recomendación do Informe de Renovación de Acreditación. Aínda que algunhas suxestións de adaptación de semestre nas materias finalmente non resultaron ser factibles, a coordinación a nivel de curso resultou ser efectiva para equilibrar a carga de traballo cada semestre. Prazo de finalización: 30/04/2022.

- **AM-3 (Curso 2020-2021):**

Definición/descrición proposta: Análise das materias optativas do Grao en Matemáticas.

Estado: Realización parcial. A análise das materias optativas e a presentación de propostas para aliñalas coas competencias demandadas desde o ámbito profesional, trasládase ao curso 2021-22. Prazo de finalización: 8/11/2022.

- **AM-4 (Curso 2020-2021):**

Definición/descripción proposta: Análise das actividades de avaliación continua e dos procedementos de avaliación.

Estado: Realización parcial. A análise mencionada foi tratada nas xuntanzas de coordinación por curso. Elaborouse unha enquisa específica, que tivo que ser modificada e ampliada a raíz do Informe de Renovación de Acreditación, que recomenda realizar unha reflexión sobre se a formación que se ofrece permite ao alumnado adquirir as competencias transversais que cada vez son máis demandadas en empresas, institucións, etc.. Debido a isto e ao nivel de detalle das súas preguntas, aplicarase en ambos semestres do curso 2021-22, polo que se prorroga a acción mencionada. Froito das suxestións recibidas, redefínense os obxectivos na acción de mellora AM-4 (Curso 2021-2022), destinada a todos os cursos do Grao e especialmente relevante en terceiro curso, polo número de materias no primeiro semestre. Prazo de finalización: 8/11/2022.

- **AM-5 (Curso 2020-2021):**

Definición/descripción proposta: Subir ao repositorio Minerva as memorias dos TFGs aprobados e autorizados.

Estado: Finalizada de xeito eficaz. Todos os TFG defendidos ao longo do curso 2020-21 que foron aprobados e autorizados están subidos ao repositorio MINERVA. Considérase interesante consolidar o procedemento e seguir actualizando no repositorio os TFG que se defendan con éxito no curso 2021-22. Prazo de finalización: 8/11/2022.

- **AM-6 (Curso 2020-2021):**

Definición/descripción proposta: Transmitir ás autoridades con responsabilidade na RAM estas necesidades para, conxuntamente, e cos orzamentos da Facultade, lograr:

- Mellorar a climatización do centro.

- Na análise de redistribución de espazos na Facultade ter en conta uns espazos mínimos para cada posto de traballo.

Estado: Realización parcial. A mellora na climatización desenvolverase no curso 2021-22. Prazo de finalización: 27/12/2022.

- **AM-7 (Curso 2020-2021):**

Definición/descripción proposta: Actualizar os equipos informáticos da Facultade, na medida do posible.

Estado: Realización parcial. Continúase coa política de accións encamiñadas á mellora e renovación dos recursos e equipos informáticos dispoñibles na Facultade, tamén por recomendación do Informe de Renovación da Acreditación. Prazo de finalización: 29/11/2022.

## REVISIÓN DAS ACCIÓNS DE MELLORA DO DOCUMENTO “ALEGACIONES Y PLAN DE MEJORAS DEL GRADO EN MATEMÁTICAS” CURSO 2020-21

- **AM-8 (Curso 2020-2021):**

Definición/descripción proposta: Implicar dun xeito máis claro ao alumnado do Grao na orientación aos estudantes de primeiro curso, para que compartan a súa experiencia e os guíen academicamente.

Estado: Realización parcial. Intensificaranse as labores xa realizadas polas/os estudantes titoras/es, ademais da coordinación de curso. Poderá levar implícita a revisión do enfoque e metodoloxía seguidos especialmente no primeiro curso para tratar de facilitar o tránsito entre os estudos de educación secundaria e o Grao, minimizando as diferenzas entre as expectativas previas e as metodoloxías e contidos abordados no primeiro curso do título. O seu desenvolvemento está relacionado coa AM-2. Prazo de finalización: 31/05/2022.

- **AM-9 (Curso 2020-2021):**

Definición/descripción proposta: Realizar un seguimento das taxas de abandono e de graduación do título, así como da duración media dos estudos, analizando os motivos do abandono a través dunha enquisa elaborada especificamente a tal efecto.

Estado: Realización parcial. O seguimento será realizado no curso 2021-22. Prazo de finalización: 31/12/2022.

<b>ACCIONES DE MELLORA</b>	
<b>Código</b>	AM-1 (Curso 2021-2022)
<b>Orixe</b>	Propostas de Mellora
<b>Ámbito de aplicación</b>	Criterio 1 - Organización e desenvolvemento
<b>Análise causa</b>	Coñecer o impacto de actividades como as Olimpíadas Matemáticas ou Estalmat-Galicia e a satisfacción das actividades organizadas ou xestionadas por membros do equipo docente da Facultade.
<b>Definición/ descripción proposta</b>	Consolidación da enquisa de satisfacción na xornada de benvinda ás/aos novas/os estudantes.
<b>Datas</b>	Finalización: 23/12/2021; Inicio: 21/09/2020
<b>Estado/Eficacia</b>	Estado: Activa; Eficacia: ;
<b>Responsables</b>	María Elena Vázquez Cendón

<b><u>ACCIÓN DE MELLORA</u></b>	
<b>Código</b>	AM-2 (Curso 2021-2022)
<b>Orixe</b>	Propostas de Mellora
<b>Ámbito de aplicación</b>	Criterio 1 - Organización e desenvolvemento
<b>Análise causa</b>	Reflexións dos últimos informes de seguimento.
<b>Definición/ descripción proposta</b>	O obxectivo é mellorar a coordinación dos contidos da titulación por áreas de coñecemento para equilibrar a carga de traballo asignada a cada curso por área.
<b>Datas</b>	Finalización: 30/04/2022; Inicio: 06/02/2021
<b>Estado/Eficacia</b>	Estado: Activa ; Eficacia :
<b>Responsables</b>	Coordinadores de área e/ou direccións dos departamentos con docencia no Grao en Matemáticas



<b>ACCIÓNS DE MELLORA</b>	
<b>Código</b>	AM-3 (Curso 2021-2022)
<b>Orixe</b>	Propostas de Mellora
<b>Ámbito de aplicación</b>	Criterio 1 - Organización e desenvolvemento
<b>Análise causa</b>	Incremento do número de estudantes en cuarto curso e necesidade de actualizar as materias optativas.
<b>Definición/ descripción proposta</b>	Análise das materias optativas do Grao en Matemáticas
<b>Datas</b>	Finalización: 8/11/2022; Inicio: 8/2/2021
<b>Estado/Eficacia</b>	Estado: Activa; Eficacia:
<b>Responsables</b>	Direccións dos departamentos e Coordinadora do Título

<b>ACCIÓNS DE MELLORA</b>	
<b>Código</b>	AM-4 (Curso 2021-2022)
<b>Orixe</b>	Propostas de Mellora
<b>Ámbito de aplicación</b>	Criterio 1 - Organización e desenvolvemento
<b>Análise causa</b>	Necesidade de reflexionar sobre as actividades de avaliación continua
<b>Definición/ descrición proposta</b>	Análise das actividades de avaliación continua e dos procedementos de avaliación. Os obxectivos son reflexionar sobre as actividades de avaliación continua en cada curso e semestre, estudando a súa eficacia, e o seu impacto sobre a carga de traballo das/os estudantes. Acción destinada a todos os cursos do Grao e especialmente relevante en terceiro curso, polo elevado número de materias no primeiro semestre.
<b>Datas</b>	Finalización: 8/11/2022; Inicio: 8/2/2021
<b>Estado/Eficacia</b>	Estado: Activa; Eficacia :
<b>Responsables</b>	Coordinadores de curso e coordinadora do Título

<b><u>ACCIÓN DE MELLORA</u></b>	
<b>Código</b>	AM-5 (Curso 2021-2022)
<b>Orixe</b>	Propostas de Mellora
<b>Ámbito de aplicación</b>	Criterio 1 - Organización e desenvolvemento
<b>Análise causa</b>	Difundir os TFGs
<b>Definición/ descrición proposta</b>	Consolidación do procedemento de subir ao repositorio Minerva as memorias dos TFGs aprobados e autorizados.
<b>Datas</b>	Finalización: 8/11/2022; Inicio: 8/1/2022
<b>Estado/Eficacia</b>	Estado: Activa; Eficacia :
<b>Responsables</b>	Mercedes Conde Amboage

<b>ACCIÓN DE MELLORA</b>	
<b>Código</b>	AM-6 (Curso 2021-2022)
<b>Orixe</b>	Informe de Seguimento
<b>Ámbito de aplicación</b>	Criterio 5 - Recursos materiais
<b>Análise causa</b>	Informe da enquisa de satisfacción do Persoal de Administración e Servizos (Curso 2016-2017).
<b>Definición/ descripción proposta</b>	<p>Transmitir ás autoridades con responsabilidade na RAM estas necesidades para, conxuntamente, e cos orzamentos da Facultade, lograr:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Mellorar a climatización do centro.</li> <li>- Na análise de redistribución de espazos na Facultade ter en conta uns espazos mínimos para cada posto de traballo.</li> </ul>
<b>Datas</b>	Finalización: 27/12/2022; Inicio: 12/09/2020
<b>Estado/Eficacia</b>	Estado: Activa; Eficacia:
<b>Responsables</b>	María Elena Vazquez Cendón

<b><u>ACCIONES DE MELLORA</u></b>	
<b>Código</b>	AM-7 (Curso 2021-2022)
<b>Orixe</b>	Informe de Seguimento
<b>Ámbito de aplicación</b>	Criterio 5 - Recursos materiais
<b>Análise causa</b>	Necesidade de actualización de equipos nas Aulas de Informática.
<b>Definición/ descripción proposta</b>	Actualizar os equipos informáticos da Facultade, na medida do posible.
<b>Datas</b>	Finalización: 29/11/2022; Inicio: 15/01/2022
<b>Estado/Eficacia</b>	Estado: Activa; Eficacia :
<b>Responsables</b>	María Elena Vazquez Cendón

<b>ACCIÓNS DE MELLORA</b>	
<b>Código</b>	AM-8 (Curso 2021-2022)
<b>Orixe</b>	Propostas de Mellora
<b>Ámbito de aplicación</b>	Criterio 1 - Organización e desenvolvemento
<b>Análise causa</b>	Mellorar a orientación ao alumnado de primeiro curso, para optimizar o tránsito entre as expectativas do alumnado de novo ingreso no campo das Matemáticas e as metodoloxías e contidos do Grao, intensificando os labores xa realizados polos coordinadores e estudantes titores, para así contribuír a manter a taxa de abandono en cifras o máis baixas posibles.
<b>Definición/ descrición proposta</b>	Implicar dun xeito máis claro ao alumnado do Grao na orientación aos estudantes de primeiro curso, para que compartan a súa experiencia e os guíen academicamente.
<b>Datas</b>	Finalización: 31/05/2022; Inicio: 06/09/2021
<b>Estado/Eficacia</b>	Estado: Activa; Eficacia: ;
<b>Responsables</b>	María Elena Vazquez Cendón

<b><u>ACCIÓNS DE MELLORA</u></b>	
<b>Código</b>	AM-9 (Curso 2021-2022)
<b>Orixe</b>	Propostas de mellora
<b>Ámbito de aplicación</b>	Criterio 7. Indicadores de satisfacción e rendemento
<b>Análise causa</b>	Necesidade de poñer en marcha accións encamiñadas a: <ul style="list-style-type: none"> <li>- Estabilizar a tendencia á alza da taxa de graduación para que se manteña por riba da porcentaxe proposta na memoria de verificación.</li> <li>- Diminuír a taxa de abandono e a duración media dos estudos.</li> </ul>
<b>Definición/ descrición proposta</b>	Realizar un seguemento das taxas de abandono e de graduación do título, así como da duración media dos estudos, analizando os motivos do abandono a través dunha enquisa elaborada especificamente a tal efecto.
<b>Datas</b>	Finalización: 31/12/2022; Inicio: 06/09/2021
<b>Estado/Eficacia</b>	Estado: Activa ; Eficacia : ;
<b>Responsables</b>	Rosana Rodríguez López

<b><u>ACCIONES DE MELLORA</u></b>	
<b>Código</b>	AM-10 (Curso 2021-2022)
<b>Orixe</b>	Informe de Seguimento
<b>Ámbito de aplicación</b>	Criterio 1. Organización e desenvolvemento
<b>Análise causa</b>	Necesidade de renovación de todos os convenios de prácticas cada 4 anos.
<b>Definición/ descrición proposta</b>	Xestionar a renovación de todos os convenios con empresas que expiran ao longo do curso. Promoción de novos convenios de prácticas.
<b>Datas</b>	Finalización: 01/06/2022; Inicio: 01/01/2022
<b>Estado/Eficacia</b>	Estado: Activa; Eficacia :
<b>Responsables</b>	Mercedes Conde Amboage



<b><u>ACCIÓN DE MELLORA</u></b>	
<b>Código</b>	AM-11 (Curso 2021-2022)
<b>Orixe</b>	Informe de Seguimento
<b>Ámbito de aplicación</b>	Criterio 1. Organización e desenvolvemento
<b>Análise causa</b>	Necesidade de renovación de todos os convenios ERASMUS
<b>Definición/ descripción proposta</b>	Xestionar a renovación de todos os convenios de mobilidade Erasmus+ existentes e propiciar o establecemento de novos convenios Erasmus+.
<b>Datas</b>	Finalización: 01/06/2022; Inicio: 01/01/2022
<b>Estado/Eficacia</b>	Estado: Activa; Eficacia :
<b>Responsables</b>	Mercedes Conde Amboage

<b><u>ACCIÓNS DE MELLORA</u></b>	
<b>Código</b>	AM-12 (Curso 2021-2022)
<b>Orixe</b>	Informe de Seguimento
<b>Ámbito de aplicación</b>	Criterio 1. Organización e desenvolvemento
<b>Análise causa</b>	Necesidade de mellorar a orientación laboral do alumnado
<b>Definición/ descricao proposta</b>	Organizar e levar a cabo un Encontro de Orientación Laboral coa finalidade de promover os mestrados e programas de doutoramento nos que participan os membros da Facultade e proporcionar orientación sobre actividade laboral en empresas e institucións.
<b>Datas</b>	Finalización: 01/06/2022; Inicio: 01/01/2022
<b>Estado/Eficacia</b>	Estado: Activa; Eficacia :
<b>Responsables</b>	Mercedes Conde Amboage

<b>ACCIÓN DE MELLORA</b>	
<b>Código</b>	AM-13 (Curso 2021-2022)
<b>Orixe</b>	Informe de Seguimento
<b>Ámbito de aplicación</b>	Criterio 1. Organización e desenvolvemento
<b>Análise causa</b>	Necesidade de reflexionar sobre a aplicación do novo Regulamento de TFG
<b>Definición/ descripción proposta</b>	Análise da satisfacción co marco normativo proporcionado polo novo Regulamento de TFG. Os obxectivos son reflexionar sobre o impacto da aplicación do novo Regulamento.
<b>Datas</b>	Finalización: 01/06/2022; Inicio: 01/01/2022
<b>Estado/Eficacia</b>	Estado: Activa; Eficacia :
<b>Responsables</b>	Mercedes Conde Amboage